


ESTUDO DO

MERCADO LABORAL

GALICIA



2 0 1 1

XUNTA DE GALICIA

EDITA:

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Formación e Colocación
Instituto Galego das Cualificacións

COORDINACIÓN:

Marisa Mallo Fernández
M^a José Cortés Jiménez

EQUIPO TÉCNICO:

Juan Cirilo Arnosa Casal
César Manuel Dans Galán
Ricardo Fernández López
M^a del Mar Martínez Besada
Sergio Cantalejo Díez
M^a Esther Sánchez González
Eva Uriach Masgoret
M^a Belén Yáñez Barge
Isabel Fernández Gómez

EQUIPO AUXILIAR:

Francisco de Cal Pose
M^a Jesús Iglesias Ferreiro
Marta López Fernández
M^a José Porto Pardiñas

DEPÓSITO LEGAL:

C 3329-2008

ISSN:

1579 - 5675

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN

1.1.- Contido, metodoloxía e fontes de información

- 1.1.1.- Perfil socioeconómico
- 1.1.2.- Tecido empresarial
- 1.1.3.- Paro rexistrado
- 1.1.4.- Contratos
- 1.1.5.- Formación

1.2.- Definicións e taxas

2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1.- Perfil sociodemográfico

- 2.1.1.- Poboación
- 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

2.2.- Tecido empresarial

- 2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2011
- 2.2.2.- Evolución do número de empresas
- 2.2.3.- Evolución do número de traballadores
- 2.2.4.- Evolución do número de autónomos
- 2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores
- 2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores
- 2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores

2.3.- Paro rexistrado

- 2.3.1.- Parados rexistrados por xénero
- 2.3.2.- Parados rexistrados por provincia
- 2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado
- 2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado
- 2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero
- 2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade
- 2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo
- 2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda
- 2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia
- 2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia
- 2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación
- 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas
- 2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia

- 2.4.1.- Contratos realizados por xénero
- 2.4.2.- Contratos realizados por provincia
- 2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero
- 2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos
- 2.4.5.- Evolución mensual demandantes parados e contratados
- 2.4.6.- Contratos por idade e xénero
- 2.4.7.- Evolución anual dos contratos por idade
- 2.4.8.- Contratos por nivel formativo
- 2.4.9.- Evolución anual dos contratos por nivel formativo
- 2.4.10.- Contratos por tipoloxía
- 2.4.11.- Evolución anual dos contratos por tipoloxía
- 2.4.12.- Índice de rotación
- 2.4.13.- Mobilidade dos contratados por xénero en Galicia
- 2.4.14.- Contratos por sector económico
- 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por sector de actividade
- 2.4.16.- Contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.17.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación
- 2.4.18.- As dez ocupacións máis contratadas
- 2.4.19.- Perfil do tipo do contratado en Galicia
- 2.4.20.- Perfil do tipo da contratada en Galicia

2.5.- Formación

- 2.5.1.- Número de cursos para desempregados que se impartiron en Galicia no ano 2011
- 2.5.2.- Cursos impartidos por familia profesional e provincia
- 2.5.3.- Alumnos formados por familia profesional
- 2.5.4.- Alumnos formados por idade

3.- COLECTIVOS

3.1.- Mulleres

- 3.1.1.- Datos demográficos
- 3.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.1.3.- Afiliacións
- 3.1.4.- Demandantes paradas
- 3.1.5.- Contratación

3.2.- Menores de 30 anos

- 3.2.1.- Datos demográficos
- 3.2.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.2.3.- Afiliacións
- 3.2.4.- Demandantes parados menores de 30 anos
- 3.2.5.- Contratación menores de 30 anos

3.3.- Maiores de 54 anos

- 3.3.1.- Datos demográficos
- 3.3.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.3.3.- Afiliacións
- 3.3.4.- Demandantes parados maiores de 54 anos
- 3.3.5.- Contratación maiores de 54 anos

3.4.- Estranxeiros

- 3.4.1.- Datos demográficos
- 3.4.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)
- 3.4.3.- Afiliacións
- 3.4.4.- Demandantes parados estranxeiros
- 3.4.5.- Contratación de estranxeiros

4.- CONCLUSIÓN

1.- INTRODUCCIÓN

O Instituto Galego das Cualificacións está adscrito á Dirección Xeral de Formación e Colocación, da Consellería de Traballo e Benestar, segundo queda establecido no Decreto 335/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar.

O Instituto Galego das Cualificacións conta con dúas unidades con nivel orgánico de servizos: o Servizo de Observatorio Ocupacional e o Servizo de Deseño e Acreditación das Cualificacións.

No ámbito da observación ocupacional, o instituto ten encomendadas, entre outras, a función de coñecer o funcionamento do mercado de traballo, proporcionando información axeitada para o deseño das políticas de formación profesional. Así mesmo, pretende achegar datos de referencia que sirvan para encadrar as características propias do noso mercado laboral nun contexto máis amplo que ilustre sobre as tendencias fundamentais cara ao futuro. Con esta perspectiva, planeouse esta análise da realidade laboral de Galicia que anualmente reflicte os datos máis salientables do noso tecido produtivo e a situación laboral dos seus principais actores.

O Estudo do mercado laboral, Galicia 2011 é unha publicación comprendida dentro dunha serie iniciada no ano 2004, e segue un esquema semellante ao realizado en períodos precedentes co fin de darlle unha continuidade a estes informes elaborados con carácter anual, analizando e proporcionando información sobre as estruturas ocupacionais e a súa evolución, para adaptar as cualificacións profesionais ás necesidades do mercado de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

Non cabe dúbida de que tanto os organismos como as entidades implicadas nas tarefas de deseñar e desenvolver actuacións de emprego e formación na nosa comunidade autónoma necesitan dispoñer de estudos que lles faciliten coñecementos sobre a estrutura e o comportamento do mercado de traballo galego.

Con ese propósito, elabórase este informe, que confiamos en que constitúa un instrumento de consulta para todas aquelas persoas, profesionais ou non do ámbito laboral, que desexen acceder a unha información que nos achegue ao coñecemento das características do noso contorno e a realidade do mercado de traballo en Galicia, a través da análise das principais variables que determinan o mercado de traballo, é dicir, do tecido empresarial e laboral, da demanda e da contratación, e tamén a formación a desempregados.

Introducimos tamén uns puntos cos principais trazos que caracterizan a situación laboral dos colectivos mulleres, mozos menores de 30 anos, maiores de 54 anos e estranxeiros.

Os obxectivos fundamentais que se pretenden acadar con esta publicación son os seguintes.

- Facilitar datos representativos das principais variables que configuran o mercado laboral da comunidade autónoma galega, tanto desde o punto de vista cuantitativo como cualitativo.
- Mostrar a evolución temporal dos últimos cinco anos dos distintos parámetros seleccionados segundo a súa idoneidade en cada caso.

Estes dous obxectivos concretos pódense agrupar nunha pretensión xeral, que é a de *informar acerca da realidade sociolaboral galega, desde a valoración que se pode extraer do Servizo Público de Emprego da nosa comunidade autónoma, para facilitar o deseño e a programación axeitada de accións de emprego e formación.*

1.1.- CONTIDO, METODOLOXÍA E FONTES DE INFORMACIÓN

O informe contén unha análise descritiva dos seguintes cinco bloques temáticos: a poboación, o tecido empresarial, o paro, os contratos e a formación ocupacional. A información presentada en cada un destes bloques é o resultado dun traballo de análise da explotación de datos, ademais dunha definición previa para determinar o tipo de categorías máis significativas para observar o comportamento do mercado de traballo.

Deste xeito, a elaboración do estudo do mercado laboral seguiu dous procesos básicos:

- A determinación das variables máis axeitadas para caracterizar o mercado de traballo e, dentro de cada variable, os aspectos destacables pola súa representatividade.
- A explotación da información obtida directamente das bases de datos, depurando e contrastando os resultados.

Nos seguintes puntos expónse unha descrición do contido de cada un dos bloques temáticos, detallando para cada un deles as bases de datos utilizadas e a metodoloxía aplicada.

1.1.1.- Perfil sociodemográfico.

Neste bloque óptase por facer unha primeira aproximación aos datos de poboación activa, parada e ocupada do ano 2011, debido a que tanto os datos para a nosa comunidade autónoma como as definicións e a metodoloxía están contidas na Enquisa de Poboación Activa (EPA) que publica o Instituto Galego de Estatística.

1.1.2.- Tecido produtivo.

Neste punto resúmense os datos cuantitativos das principais variables que conforman o tecido produtivo galego: empresas, traballadores por conta allea e traballadores autónomos, na actualidade e ao longo dos últimos cinco anos. A información utilizada neste estudo orixínase a partir da base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, que constitúe, por unha banda, o rexistro de traballadores por conta allea e por conta propia nos diferentes réximes da Seguridade Social (xeral e específicos), e, por outra banda, o rexistro de empresas a través das denominadas contas de cotización.

O motivo de utilizar esta base de datos como fonte de información deriva da súa elevada fiabilidade, xa que a Tesouraría Xeral da Seguridade Social inclúe todos os datos dos traballadores que exercen unha actividade laboral de xeito legal, ao ser obrigatoria a alta na Seguridade Social como requisito previo para a incorporación ao emprego, porque ademais

considera a totalidade dos sectores económicos e porque tamén ten en conta datos de diferentes anos que posibilitan realizar estudos evolutivos.

Os datos ofrécense a través de táboas e gráficos estruturados segundo dúas epígrafes: unha dedicada á situación actual das citadas variables e outra sobre a súa evolución nos cinco últimos anos.

Como limitación, cabe sinalar que a información relativa ás empresas, ao provir de contas de cotización, pode aparecer inflada debido á posibilidade de converxer varias contas nunha mesma empresa. En concreto, unha empresa pode ter abertas varias contas de cotización por distintos motivos: por ter sedes en diferentes territorios, aparecendo neste caso unha conta de cotización por territorio; por ter contratos para a formación; por exercer diferentes actividades; por realizar contratos a tempo parcial de menos de 12 horas semanais, pois, aínda que xa non se poden formalizar, na actualidade mantéñense nalgúns empresas os que se estableceron anteriormente; por ter contratado un axente de comercio; ou por contratar artistas de forma esporádica.

Finalmente, convén sinalar que, debido á configuración especial dos datos referentes aos traballadores na base de datos da Tesouraría Xeral da Seguridade Social, houbo que agrupar, baixo a epígrafe de “traballadores”, os datos dos traballadores do réxime xeral da Seguridade Social, do réxime especial agrícola por conta allea, do mar por conta allea, do carbón, empregados de fogar continuos, os traballadores por conta propia agrícolas, os traballadores por conta propia do mar e os empregados de fogar descontínuos. Así, os autónomos inclúen só os traballadores pertencentes a este réxime especial.

1.1.3.- Paro rexistrado.

O estudo do paro rexistrado do informe do mercado laboral consiste na análise do perfil básico dos parados de emprego, é dicir, da caracterización do prototipo máis común de parados existente en Galicia co propósito de indagar os grupos de persoas que precisan de maior atención á hora de propiciar a súa entrada ou promoción no mercado laboral.

O colectivo de parados refírese exclusivamente a todas as persoas de 16 e máis anos que se atopan sen traballo, dispoñibles para traballar e buscando activamente emprego, e enténdese por paro rexistrado o total da demanda de emprego en alta rexistrada polo Servizo Público de Emprego existente o último día de cada mes, excluindo a correspondente a situacións laborais descritas na Orde ministerial do 11 de marzo de 1985, pola que se establecen criterios estatísticos para a medición do paro rexistrado.

Segundo esta orde, exclúense do concepto de paro rexistrado, por exemplo, os demandantes de pluriemprego, mellora de emprego, que participan en traballos de colaboración social, que solicitan emprego conxuntural, estudantes, etc.

A información utilizada no estudo do paro provén das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia, e a súa análise estableceuse sobre a combinación dos diferentes parámetros.

Por outra banda, a información da demanda completouse con datos evolutivos para posibilitar a comparación temporal destes.

1.1.4.- Contratos.

O estudo dos contratos ofrece unha visión integral das contratacións da comunidade autónoma durante o ano 2011, utilizando para a súa análise a base de datos que lle serve de soporte á sección de contratos das oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia.

A finalidade perseguida con este estudo é a de caracterizar un aspecto importante do mercado laboral, o contractual, facilitando información relevante sobre o seu comportamento no eido da nosa comunidade autónoma. Esta caracterización inclúe distintos apartados con valoracións das evolucións anuais do ano 2007 ao 2011.

1.1.5.- Formación ocupacional.

A análise da formación ocupacional, utilizando para o seu estudo a base de datos do Sistema de Formación Ocupacional da Consellería de Traballo e Benestar, ofrece o número de cursos impartidos, nas accións formativas para desempregados, e o de alumnos formados no ano 2011, por familias profesionais e por provincias, o que nos daría unha mostra das familias profesionais en que maior formación se recibe e o ámbito territorial onde esta se imparte.

1.2.- DEFINICIÓNS E TAXAS

Poboación economicamente activa: é o conxunto de persoas que, nun período de referencia dado, subministran man de obra para a produción de bens e servizos económicos ou que están dispoñibles e fan xestións para incorporarse á produción. A poboación economicamente activa divídese en ocupada e parada.

Inactivos: a poboación inactiva abrangue todas as persoas de 16 e máis anos non clasificadas como ocupadas ou paradas durante a semana de referencia, entre as que se atopan principalmente os estudantes, persoas que se ocupan do seu fogar, xubilados ou prexubilados, pensionistas, incapacitados para traballar ou outras situacións semellantes.

Ocupados: son as persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia tiveron un traballo por conta allea ou exerceron unha actividade por conta propia, podendo estar durante esa semana:

-  Traballando polo menos unha hora a cambio dun soldo, salario, beneficio empresarial ou ganancia familiar, en metálico ou en especie.
-  Con emprego pero sen traballar, é dicir, ausentes do seu traballo por razóns de enfermidade ou accidente, vacacións, festas ou outras razóns análogas. Tamén se consideran dentro desta categoría as persoas que, estando suspendidas ou separadas do seu emprego como consecuencia dunha regulación de emprego, esperan reincorporarse á súa empresa.

Parados: considéranse paradas todas aquelas persoas de 16 e máis anos que durante a semana de referencia estiveron simultaneamente:

-  Sen traballo, é dicir, que non tiveron emprego por conta allea ou por conta propia durante a semana de referencia.

- Na procura de traballo, é dicir, que tomaron medidas concretas para buscar un traballo por conta allea ou fixeron xestións para establecerse pola súa conta durante o mes precedente.

Taxa de actividade: é o cociente entre o número total de activos e a poboación total.

Taxa de paro: é o cociente entre o número de parados e o de activos.

Taxa de ocupación: representa a porcentaxe das persoas con emprego sobre a poboación en idade laboral.

As **taxas** utilizadas nos diferentes puntos do estudo do mercado laboral son as seguintes:

- Variación interanual: é igual ao número de contratos do ano x menos as do ano anterior x-1, dividido polo número de contratos do x-1 e multiplicado por 100. É dicir, a variación entre os anos 10-11 obteríase do seguinte xeito¹:

$$\% \text{ Var. interanual}_{10-11} = \frac{C_{11} - C_{10}}{C_{10}} \times 100$$

Calculariamos o crecemento acadado nun ano con respecto ao ano anterior.

- Variación media anual: obtense da fórmula do xuro composto. Se lle chamamos C2011 e C2009 ao número de contratos nos anos 2010 e 2008, respectivamente, podemos expresar a fórmula da variación media anual do xeito seguinte²:

$$\% \text{ VMA} = \left(\sqrt[3]{\frac{C_{2011}}{C_{2009}}} - 1 \right) \times 100$$

(a raíz é a que resulta de restarlle 1 ao número de anos dos cales se pretende calcular a media, neste caso 3 - 1 = 2, o que implica unha *raíz cadrada*)

Obteríamos desta forma o crecemento medio acadado nos tres anos estudados³.

■ CLASIFICACIÓN DAS RAMAS DE ACTIVIDADE ECONÓMICA:

A clasificación da actividade económica usada neste estudo baséase na CNAE-09.

Nalgúns apartados aparecen táboas co CNAE-09 estruturado cun nivel consistente en rúbricas identificadas mediante un código numérico de dúas cifras e noutros as actividades do CNAE-09 agrupáronse en catro grandes sectores económicos para simplificar a comprensión de táboas e gráficos.

¹ Cando os datos referentes ao primeiro ano son iguais a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

² Cando os datos referentes ao primeiro ano da serie son igual a cero, non podemos calcular a variación descrita, xa que o resultado da fórmula toma un valor fóra de rango.

³ Os exemplos citados fan referencia á parte dos contratos, aínda que serían igualmente válidos para explicar os diferentes puntos do estudo. Só deberíamos ter en conta que, ao tratar cinco anos de análise, a variación media se calcularía como unha raíz cuarta.

2.- ANÁLISE DO MERCADO LABORAL

2.1. PERFIL SOCIODEMOGRÁFICO

■ 2.1.1.- Poboación

Segundo os datos oficiais facilitados polo Padrón Municipal de Habitantes o día 1 de xaneiro de 2011, a poboación total da Comunidade Autónoma de Galicia ascendía a 2.795.422 persoas, das cales 1.349.591 eran homes e 1.445.831 eran mulleres, o que representaba o 5,92% do total da poboación do Estado. Respecto ao ano anterior a poboación de Galicia reduciuse en - 2.231 persoas, o que supuxo unha diminución anual do 0,08%; mentres que no Estado produciuse un incremento do 2,24%.

	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
GALICIA	1.349.591	1.445.831	2.795.422	48,28	51,72
ESPAÑA	23.283.187	23.907.306	47.190.493	49,34	50,66

Fonte: INE: Padrón Municipal de habitantes


A poboación de nacionalidade estranxeira residente na nosa comunidade o día 1 de xaneiro de 2011 ascendía a 110.468 persoas (55.606 homes e 54.862 mulleres), o que representaban o 3,95% da poboación total de Galicia. A poboación estranxeira medrou en 798 persoas respecto ao ano anterior. Este colectivo que contribuía ao aumento, aínda que fose lixeiramente, da poboación total permitindo que non se estancara, non evitou a redución da poboación total de Galicia durante o último ano.

A poboación por xénero e grupos quinquenais de idade. Ano 2011. Galicia

	Total	Homes	Mulleres
Total	2.795.422	1.349.591	1.445.831
0-4	111.702	57.733	53.969
5-9	108.525	55.752	52.773
10-14	103.892	53.491	50.401
15-19	115.896	59.564	56.332
20-24	137.977	70.066	67.911
25-29	176.999	89.784	87.215
30-34	224.592	113.075	111.517
35-39	225.157	113.204	111.953
40-44	215.850	107.441	108.409
45-49	203.467	100.647	102.820
50-54	195.969	96.767	99.202
55-59	174.265	85.708	88.557
60-64	171.654	83.023	88.631
65-69	156.697	74.120	82.577
70-74	132.353	59.502	72.851
75-79	143.304	60.592	82.712
80-84	103.524	40.043	63.481
85 e máis	93.599	29.079	64.520

Fonte: INE. Padrón Municipal de Habitantes. Extraído de <http://www.ine.es>

Analizando a poboación por grupos de idade, vemos como en Galicia nacen máis nenos que nenas, e a poboación masculina superaba a feminina ata os 39 anos. Nas idades restantes a proporción invertease incrementándose o número de mulleres a medida que a idade avanza, sendo a diferenza notable nos últimos tramos de idade onde o número de mulleres supera con moito ao dos homes.



Os datos achegados na táboa anterior reflíctense na pirámide de idade da poboación de Galicia; na súa configuración vemos como a base, onde se sitúa a poboación máis nova, e moi estreita e vaise ancheando nos tramos de idade intermedios para volver a estreitarse nos tramos finais, pero non tanto como para que non evidencie o peso demográfico que acada a xente de idade no conxunto da poboación de Galicia. De feito o índice de avellentamento, calculado como o cociente das persoas de 65 ou máis anos entre os mozos menores de 20, mostra o grao de avellentamento que sofre a poboación. No ano 2011 en Galicia, de cada 100 persoas menores de 20 anos existían 143 maiores de 65, e destas a maior porcentaxe eran mulleres.

■ 2.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

A continuación amósanse as características da Enquisa de Poboación Activa elaborada polo INE (poboación activa, parada e ocupada). Hai que ter en conta que a EPA proporciona estimacións a partir dunha enquisa e, polo tanto, non se trata de datos exactos.

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. Galicia

Unidades: Porcentaxe

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2011TIV	55,33	61,48	49,72	18,3	17,6	19,09	45,21	50,66	40,23
2011TIII	55,27	61,85	49,26	17,25	16,32	18,31	45,74	51,75	40,24
2011TII	55,14	61,65	49,19	16,75	15,95	17,66	45,9	51,81	40,5
2011TI	54,91	61,64	48,77	17,33	16,68	18,08	45,4	51,36	39,95
2010TIV	54,43	61,47	48	15,69	15,2	16,28	45,89	52,13	40,18
2010TIII	55,14	62,57	48,34	14,86	14	15,88	46,94	53,81	40,67
2010TII	54,36	61,57	47,77	15,58	14,71	16,6	45,89	52,51	39,84
2010TI	54,41	61,66	47,79	15,46	14,58	16,5	46	52,67	39,9

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa
Metodoloxía EPA 2005

Taxas de actividade, ocupación e paro por xénero. España

Unidades: Porcentaxe

	Taxa de actividade			Taxa de paro			Taxa de emprego		
	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres	Ambos os sexos	Homes	Mulleres
2011TIV	59,94	67,3	52,93	22,85	22,46	23,32	46,24	52,18	40,58
2011TIII	60,11	67,64	52,93	21,52	21,04	22,1	47,17	53,41	41,23
2011TII	60,12	67,44	53,14	20,89	20,58	21,27	47,56	53,56	41,84
2011TI	59,88	67,43	52,67	21,29	20,76	21,94	47,13	53,43	41,11
2010TIV	59,99	67,72	52,6	20,33	19,95	20,79	47,8	54,21	41,66
2010TIII	60,08	68,28	52,22	19,79	19,29	20,4	48,19	55,11	41,56
2010TII	60,11	68,37	52,19	20,09	19,72	20,56	48,03	54,89	41,46
2010TI	59,83	67,95	52,05	20,05	19,96	20,16	47,84	54,39	41,55

Fonte: INE. Enquisa de Poboación Activa
Metodoloxía EPA 2005

- **A taxa de actividade** do conxunto de Galicia acadou no cuarto trimestre do 2011 o 55,33%, case un punto por riba respecto ao mesmo período do ano anterior.

Por sexo, os homes seguen a ser os que rexistraron un maior número de activos incrementándose lixeiramente ata o terceiro trimestre e rematando cara ao final do ano cunha taxa do 61,48% fronte ao 49,72% que rexistrou o colectivo feminino, situándose, así en 11,76 puntos por debaixo da masculina.

Respecto ao Estado, a taxa de actividade situouse no último trimestre do ano no 59,94%, o que supuxo 4,61 puntos por riba da taxa de Galicia.

Por xénero a taxa de actividade dos homes foi a finais do ano do 67,3% fronte a das mulleres que se situou no 52,93%, porcentaxes por encima dos galegos.

- **A taxa de ocupación** de Galicia cara ao final do ano 2011 foi do 45,21%, diminuindo respecto ao mesmo período do ano anterior en 0,68 puntos.

Se se ten en conta a variable sexo, a taxa de ocupación masculina foi do 50,66%; situándose en 10,43 puntos por riba da feminina.

No Estado a taxa de ocupación foi superior a de Galicia en algo máis de 1 punto para o total de ocupados, dándose a mesma diferenza nos colectivos masculinos e femininos. Por outra banda, a taxa de ocupación masculina foi superior en 11,60 puntos respecto a feminina.

- **A taxa de paro** que rematou o ano cun 18,3%, medrou en todos os trimestres do ano 2011, sendo o aumento interanual de 2,4 puntos.


A taxa de paro masculina situouse no 17,6%, 2,4 puntos superior ao mesmo período do ano anterior fronte a feminina que foi do 19,09% aumentando 2,81 puntos. Respecto a diferenza entre as taxa masculina e feminina, foi de 1,49 puntos a favor dos homes.

En España a taxa de paro situouse no último trimestre do ano no 22,85% o que supuxo que estivo 4,55 puntos por encima da galega.


Con respecto ao mesmo período do ano anterior produciuse unha subida de 2,52 puntos no número de parados.

Por xénero, a taxa de paro masculina foi do 22,46%, mentres que a feminina foi do 23,32%, se as comparamos coas taxas galegas, respecto da masculina a diferenza foi de 4,86 puntos fronte a feminina que foi de 4,23 puntos a favor de Galicia.


Taxa de actividade



Taxa de paro



Taxa de emprego




2.2. TECIDO PRODUTIVO

2.2.1.- Distribución do tecido produtivo de Galicia no ámbito provincial. Ano 2011

	Autónomos	%	Empresas	%	Traballadores	%
A CORUÑA	86.670	39,87	44.039	39,93	320.098	43,31
LUGO	37.507	17,25	14.565	13,21	83.753	11,33
OURENSE	26.217	12,06	12.835	11,64	75.693	10,24
PONTEVEDRA	67.002	30,82	38.842	35,22	259.585	35,12
TOTAL	217.396	100	110.281	100	739.129	100

No que respecta ao tecido produtivo, destaca a provincia da Coruña que engloba o maior número de autónomos, de empresas e tamén de traballadores. A continuación atópase Pontevedra, acadando estas dúas provincias o 75% do volume total do tecido produtivo da nosa comunidade. A porcentaxe restante repártese entre Lugo e Ourense, sendo a provincia de Lugo a que conta con cifras algo máis favorables.




2.2.2.- Evolución do número de empresas

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
A CORUÑA	47.804	47.005	45.361	44.768	44.039	-799	-1,67	-1.644	-3,50	-593	-1,31	-729	-1,63	-2,03
LUGO	15.682	15.522	15.217	14.930	14.565	-160	-1,02	-305	-1,96	-287	-1,89	-365	-2,44	-1,83
OURENSE	13.687	13.476	13.212	13.123	12.835	-211	-1,54	-264	-1,96	-89	-0,67	-288	-2,19	-1,59
PONTEVEDRA	44.104	42.690	40.564	39.799	38.842	-1.414	-3,21	-2.126	-4,98	-765	-1,89	-957	-2,40	-3,13
TOTAL	121.277	118.693	114.354	112.620	110.281	-2.584	-2,13	-4.339	-3,66	-1.734	-1,52	-2.339	-2,08	-2,35

Se nos centramos na evolución do número de empresas, observamos unha tendencia negativa en todas as provincias e en todos os anos, destacando especialmente o ano 2009 onde a caída foi do -3,66%, no 2010 o descenso foi menor (-1,52%) para volver a subir no 2011 (-2,08%), para finalmente rematar o quinquenio con 10.996 empresas menos e acadando unha variación media anual do -2,35%.

No caso das provincias, vemos como Pontevedra foi a que rexistrou a maior perda do número de empresas en todos os anos, rematando o quinquenio cunha variación media anual do (-3,13%)




2.2.3.- Evolución do número de traballadores

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
A CORUÑA	367.265	342.841	333.815	330.093	320.098	-24.424	-6,65	-9.026	-2,63	-3.722	-1,11	-9.995	-3,03	-3,38
LUGO	108.739	89.455	87.812	86.036	83.753	-19.284	-17,73	-1.643	-1,84	-1.776	-2,02	-2.283	-2,65	-6,32
OURENSE	87.403	81.123	79.675	78.143	75.693	-6.280	-7,19	-1.448	-1,78	-1.532	-1,92	-2.450	-3,14	-3,53
PONTEVEDRA	316.396	294.267	281.847	273.008	259.585	-22.129	-6,99	-12.420	-4,22	-8.839	-3,14	-13.423	-4,92	-4,83
TOTAL	879.803	807.686	783.149	767.280	739.129	-72.117	-8,20	-24.537	-3,04	-15.869	-2,03	-28.151	-3,67	-4,26

Atendendo á evolución do número de traballadores, vemos como esta tamén foi negativa, descendendo de maneira paulatina ao longo de todos os anos, sendo o ano 2008 o que acadou a maior caída na afiliación de traballadores, continuando o descenso nos anos seguintes aínda que a menor ritmo finalizando o quinquenio con 140.674 afiliados menos e cunha variación media anual do -4,26%.

En canto as provincias, a afiliación reduciuse en todas elas, destacando Lugo no ano 2008 cunha diminución do -17,73%. Nos anos seguintes a provincia que perde máis afiliados foi a de Pontevedra acadando finalmente unha variación media de -4,83%.


As cifras tan altas que se deron no 2008 hai que explicalas polos cambios que se produciron na Seguridade Social, onde a partir de xaneiro de 2008 desapareceu o réxime especial agrario por conta propia e os seus afiliados integráronse no réxime especial de autónomos.



2.2.4.- Evolución do número de autónomos

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
A CORUÑA	77.804	92.772	89.829	87.914	86.670	14.968	19,24	-2.943	-3,17	-1.915	-2,13	-1.244	-1,42	2,73
LUGO	24.139	40.648	39.261	38.131	37.507	16.509	68,39	-1.387	-3,41	-1.130	-2,88	-624	-1,64	11,65
OURENSE	24.344	28.082	27.219	26.486	26.217	3.738	15,35	-863	-3,07	-733	-2,69	-269	-1,02	1,87
PONTEVEDRA	65.800	71.711	69.261	67.902	67.002	5.911	8,98	-2.450	-3,42	-1.359	-1,96	-900	-1,33	0,45
TOTAL	192.087	233.213	225.570	220.433	217.396	41.126	21,41	-7.643	-3,28	-5.137	-2,28	-3.037	-1,38	3,14


Tal como nos indica a táboa anterior, o ano 2008 experimentou un aumento espectacular dos autónomos en todas as provincias pero sobre todo na de Lugo (aínda que todo apunta a que esta subida está vinculada aos cambios da seguridade social mencionados no apartado anterior), pero a partir de aquí o descenso foi sostido en todas as provincias e en todos os anos, destacando o ano 2009 onde a perda de autónomos estivo a redor do 3% en todas as provincias; situación que se repite no 2010 e 2011, aínda que con cifras máis reducidas. Pola contra as variacións medias anuais son positivas en todas as provincias, sobresaíndo a de Lugo (11,65%) debido aos datos “positivos” do ano 2008.



2.2.5.- Evolución do número de empresas por sectores

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	6.322	6.356	5.920	5.993	6.122	34	0,54	-436	-6,86	73	1,23	129	2,15	-0,80
SECTOR SECUNDARIO	11.740	11.095	10.480	10.068	9.636	-645	-5,49	-615	-5,54	-412	-3,93	-432	-4,29	-4,82
SECTOR CONSTRUCCIÓN	17.404	15.476	14.536	13.482	11.836	-1.928	-11,08	-940	-6,07	-1.054	-7,25	-1.646	-12,21	-9,19
SECTOR SERVICIOS	85.811	85.766	83.414	83.073	82.683	-45	-0,05	-2.352	-2,74	-341	-0,41	-390	-0,47	-0,92
SEN ACTIVIDADE	0	0	4	4	4	0	0	4	0	0	0	0	0	0
TOTAL	121.277	118.693	114.354	112.620	110.281	-2.584	-2,13	-4.339	-3,66	-1.734	-1,52	-2.339	-2,08	-2,35

O sector da construción concentrou a maior caída de empresas ao longo dos cinco anos, presentando a variación media anual máis negativa (-9,19%). O resto dos sectores tamén perderon empresas, pero en menor medida, coa excepción do sector primario que rexistrou resultados positivos nos anos 2008 (0,54%), no 2010 (1,23%) e no 2011 (2,15%), aínda que en termos absolutos o número de empresa é bastante reducido, si é importante por ser o único sector que medrou neste quinquenio. Feito que influíu en que obtivese a variación media anual menos negativa (-0,80%).



■ 2.2.6.- Evolución do número de traballadores por sectores

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	80.550	33.145	30.614	29.921	29.605	-47.405	-58,85	-2.531	-7,64	-693	-2,26	-316	-1,06	-22,14
SECTOR SECUNDARIO	158.580	147.137	137.373	132.177	124.780	-11.443	-7,22	-9.764	-6,64	-5.196	-3,78	-7.397	-5,60	-5,82
SECTOR CONSTRUCCIÓN	103.172	87.512	79.065	70.530	57.341	-15.660	-15,18	-8.447	-9,65	-8.535	-10,79	-13.189	-18,70	-13,66
SECTOR SERVICIOS	537.501	539.892	530.044	525.900	519.197	2.391	0,44	-9.848	-1,82	-4.144	-0,78	-6.703	-1,27	-0,86
SEN ACTIVIDADE	0	0	6.053	8.752	8.206	0	0	6.053	0	2.699	0,00	-546	-6,24	0,00
TOTAL	879.803	807.686	783.149	767.280	739.129	-72.117	-8,20	-24.537	-3,04	-15.869	-2,03	-28.151	-3,67	-4,26


Tal e como quedou dito en apartados anteriores, o número de traballadores no período comprendido entre 2007 e 2011 diminuíu en 140.674 persoas, cunha variación media do -4,26%; pero esta redución non afectou por igual a todos os sectores, así o sector da construción foi o máis castigado producíndose unha perda continua na cifra de traballadores en todo o período, sendo esta de maior dimensión, en termos relativos, no ano 2011

(-18,70%), e finalizando cunha variación media anual do -13,66%. Pola contra, o sector servizos, aínda que tamén perdeu afiliados mostrou unha intensidade máis moderada, sendo o único sector que empezou a baixada no ano 2009 e finalizando o período cunha variación media anual do -0,86%.

O sector primario que rexistrou una desplome dos afiliados durante o ano 2008 (-58,85%) e que nos anos seguintes a redución foi moito menos intensa rematou o período cunha variación media do -22,14%, pero esta caída tan brusca das cifras foi debida aos cambios na Seguridade Social comentados nos parágrafos anteriores.

Por último, é preciso sinalar que os afiliados que aparecen sen actividade no ano 2009 e 2010 todo apunta a que é debido a que no ano 2009 entrou en vixencia unha nova clasificación nacional de actividades (CNAE-2009).


Evolución do número de traballadores por sectores



2.2.7.- Evolución do número de autónomos por sectores

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	3.962	46.828	43.030	40.109	38.057	42.866	1.081,93	-3.798	-8,11	-2.921	-6,79	-2.052	-5,12	76,05
SECTOR SECUNDARIO	16.262	16.258	15.519	15.079	15.026	-4	-0,02	-739	-4,55	-440	-2,84	-53	-0,35	-1,96
SECTOR CONSTRUCCIÓN	33.570	32.917	32.132	30.582	29.322	-653	-1,95	-785	-2,38	-1.550	-4,82	-1.260	-4,12	-3,33
SECTOR SERVICIOS	138.281	137.204	134.889	134.663	134.991	-1.077	-0,78	-2.315	-1,69	-226	-0,17	328	0,24	-0,60
SEN ACTIVIDADE	12	6	0	0	0	-6	-50,00	-6	-100	0	0	0	0,00	0,00
TOTAL	192.087	233.213	225.570	220.433	217.396	41.126	21,41	-7.643	-3,28	-5.137	-2,28	-3.037	-1,38	3,14

A evolución do número de autónomos entre os anos 2007 e 2011 foi negativa en todos os sectores, agás o sector primario, que rexistrou un aumento notable no ano 2008, crecemento vinculado aos cambios nos réximes da Seguridade Social; pero nos seguintes anos a redución foi continuada e superior aos demais sectores. As actividades restantes tamén experimentaron unha diminución sendo a máis importante a da construción acadando unha variación media anual do -3,33%. Nos servizos a pesar de que a redución foi continua e sostida ano tras ano, as cifras foron máis moderadas, alcanzando unha variación media anual do -0,60%.




2.3. PARO REXISTRADO

■ 2.3.1.- Parados rexistrados por xénero

	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	125.775	132.459	258.234
ESPAÑA	2.209.738	2.212.621	4.422.359


O número total de parados rexistrados nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia o 31 de decembro de 2011 ascendía a 258.234 persoas, dos que 125.775 eran homes (49%) e 132.459 mulleres (51%). Este dato indícanos que seguen a ser as mulleres as que soportan as cifras máis altas no conxunto de desempregados galegos.



■ 2.3.2.- Parados rexistrados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	49.546	39,39	52.106	39,34	101.652	39,36
LUGO	13.012	10,35	12.393	9,36	25.405	9,84
OURENSE	13.771	10,95	14.446	10,91	28.217	10,93
PONTEVEDRA	49.446	39,31	53.514	40,40	102.960	39,87
GALICIA	125.775	100	132.459	100	258.234	100


Se atendemos á clasificación dos parados rexistrados por provincias, vemos que foi Pontevedra a que rexistrou o maior volume de persoas paradas (39,87%), seguida moi de cerca pola provincia da Coruña , co 39,36%; de xeito que estas dúas provincias seguen concentrando case o 80% da totalidade dos parados galegos.



■ 2.3.3.- Evolución anual do paro rexistrado

	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
HOMES	59.090	83.966	103.487	111.241	125.775	24.876	42,10	19.521	23,25	7.754	7,49	14.534	13,07	20,79
MULLERES	95.892	105.937	119.352	126.072	132.459	10.045	10,48	13.415	12,66	6.720	5,63	6.387	5,07	8,41
TOTAL GALICIA	154.982	189.903	222.839	237.313	258.234	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	13,61

Nos últimos cinco anos o paro medrou de maneira continuada en Galicia pero non afectou por igual a homes e a mulleres, de feito, podemos confirmar que o colectivo masculino experimentou un incremento moi superior ao das mulleres, rematando o quinquenio cunha variación media anual do 20,79% mentres que a das mulleres foi do 8,41%.




■ 2.3.4.- Evolución mensual do paro rexistrado

Data	Homes	Mulleres	total	Variación			% Variación		
				Homes	Mulleres	total	Homes	Mulleres	total
31/12/2009	111.241	126.072	237.313						
31/01/2010	115.698	130.133	245.831	4.457	4.061	8.518	4,01	3,22	3,59
28/02/2010	116.647	131.632	248.279	949	1.499	2.448	0,82	1,15	1,00
31/03/2010	116.590	132.656	249.246	-57	1.024	967	-0,05	0,78	0,39
30/04/2010	114.584	130.078	244.662	-2.006	-2.578	-4.584	-1,72	-1,94	-1,84
31/05/2010	112.247	127.767	240.014	-2.337	-2.311	-4.648	-2,04	-1,78	-1,90
30/06/2010	109.528	124.029	233.557	-2.719	-3.738	-6.457	-2,42	-2,93	-2,69
31/07/2010	104.603	118.397	223.000	-4.925	-5.632	-10.557	-4,50	-4,54	-4,52
31/08/2010	104.985	119.597	224.582	382	1.200	1.582	0,37	1,01	0,71
30/09/2010	108.413	124.505	232.918	3.428	4.908	8.336	3,27	4,10	3,71
31/10/2010	113.812	128.330	242.142	5.399	3.825	9.224	4,98	3,07	3,96
30/11/2010	120.640	132.776	253.416	6.828	4.446	11.274	6,00	3,46	4,66
31/12/2010	125.775	132.459	258.234	5.135	-317	4.818	4,26	-0,24	1,90


En canto á evolución mensual do paro rexistrado, vemos un incremento dos parados no primeiro trimestre do ano pero a partir do mes de abril o número de persoas desempregadas diminúe ata xullo sendo este mes o que experimenta a baixada máis notable (-10.557); a partir de aquí, invértese a tendencia volvendo a aumentar o paro ata o final de ano, deixando patente a estacionalidade no emprego.

Por sexo, o desemprego mensual presentou poucas diferenzas, coa excepción de que no mes de marzo mentres 57 homes deixaban de ser parados, 1.024 mulleres incrementaban a listaxe das desempregadas; polo contrario, no mes de decembro ocorreu ao revés, 317 mulleres saían do paro e 5.135 homes aumentaban o desemprego. Polo demais, tanto nos meses onde o paro aumenta como onde o paro diminúe as porcentaxes entre homes e mulleres foron similares.

Evolución mensual do paro rexistrado por xénero



Evolución mensual do paro rexistrado por xénero




■ 2.3.5.- Parados rexistrados por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<=25	14.847	11,80	12.043	9,09	26.890	10,41
26 a 35	33.217	26,41	35.013	26,43	68.230	26,42
36 a 45	30.159	23,98	35.640	26,91	65.799	25,48
46 a 55	27.479	21,85	29.497	22,27	56.976	22,06
>=56	20.073	15,96	20.266	15,30	40.339	15,62
Total	125.775	100	132.459	100	258.234	100

No que respecta á distribución de desempregados por idade e sexo, o grupo de idade onde máis parados houbo foi no de 26 a 35 anos, con 68.230 persoas (26,42%), seguido do tramo de 36 a 45 anos, con 65.799 parados (25,48%); de xeito que as persoas entre 26 e 45 anos concentraban máis da metade dos desempregados galegos.


Se a análise se fai por sexo, as porcentaxes foron moi similares as do conxunto da poboación, predominando os mesmos tramos de idade.



■ 2.3.6.- Evolución anual dos parados rexistrados por idade

	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
<=25	19.267	23.991	28.835	26.959	26.890	4.724	24,52	4.844	20,19	-1.876	-6,51	-69	-0,26	8,69
26 a 35	40.097	52.025	62.514	65.774	68.230	11.928	29,75	10.489	20,16	3.260	5,21	2.456	3,73	14,21
36 a 45	34.912	44.169	53.081	58.676	65.799	9.257	26,52	8.912	20,18	5.595	10,54	7.123	12,14	17,17
46 a 55	32.920	38.881	44.626	49.537	56.976	5.961	18,11	5.745	14,78	4.911	11,00	7.439	15,02	14,70
>=56	27.786	30.837	33.783	36.367	40.339	3.051	10,98	2.946	9,55	2.584	7,65	3.972	10,92	9,77
Total	154.982	189.903	222.839	237.313	258.234	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	13,61

Atendendo á evolución anual dos desempregados rexistrados por idade, durante o ano 2008 a cifra de parados aumentou notablemente en todos os tramos de idade, situación que se repite no ano 2009, aínda que con cifras lixeiramente menores. Nos anos 2010 e 2011 o colectivo de menores de 26 anos foi o único que rexistrou un descenso dos desempregados, concretamente -1.876, o 6,51% no 2010; e -69, o 0,26% no 2011. O resto dos colectivos tamén experimentaron un incremento, especialmente o grupo de 46 a 55 anos. En canto a variación media anual, foron os desempregados de entre 36 e 45 anos os que rexistraron as porcentaxes máis altas, 17,17%, seguido moi de cerca polos de entre 46 e 55 anos, concretamente 14,70%.




■ 2.3.7.- Parados rexistrados por nivel formativo

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
Ata certificado de escolaridade	57.729	45,90	46.725	35,28	104.454	40,45
BUP / Bacharelato superior / COU	8.919	7,09	11.457	8,65	20.376	7,89
Formación profesional	14.982	11,91	20.898	15,78	35.880	13,89
Outras titulacións	54	0,04	121	0,09	175	0,07
Titulación ensino obrigatorio	36.267	28,83	35.801	27,03	72.068	27,91
Titulados universitarios	7.824	6,22	17.457	13,18	25.281	9,79
Total	125.775	100	132.459	100	258.234	100

En canto aos parados rexistrados por nivel formativo, as maiores cifras aparecen entre os que teñen ata certificado de escolaridade (40,45%), seguidos dos que tiñan titulación ensino obrigatorio (27,91%), de xeito que máis do 68% dos parados galegos tiñan a titulación máis básica. Pola contra, o grupo que cursou BUP/Bacharelato superior/COU foron os que rexistraron menos volume de parados.

Por sexo, a situación é semellante, sendo a distribución entre homes e mulleres bastante homoxénea coa diferenza dos titulados universitarios onde o número de mulleres paradas supera en máis do dobre ao dos homes.




2.3.8.- Evolución anual dos parados rexistrados por nivel formativo

	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	59.016	70.605	84.009	93.181	104.454	11.589	19,64	13.404	18,98	9.172	10,92	11.273	12,10	15,34
BUP / Bacharelato superior / COU	14.432	17.102	19.087	19.231	20.376	2.670	18,50	1.985	11,61	144	0,75	1.145	5,95	9,01
Formación profesional	19.526	25.163	30.508	32.807	35.880	5.637	28,87	5.345	21,24	2.299	7,54	3.073	9,37	16,43
Outras titulacións	93	114	128	121	175	21	22,58	14	12,28	-7	-5,47	54	44,63	17,12
Titulación ensino obrigatorio	47.994	61.174	69.372	68.855	72.068	13.180	27,46	8.198	13,40	-517	-0,75	3.213	4,67	10,70
Titulados universitarios	13.921	15.745	19.735	23.118	25.281	1.824	13,10	3.990	25,34	3.383	17,14	2.163	9,36	16,09
Total	154.982	189.903	222.839	237.313	258.234	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	13,61

No que atinxe á evolución anual dos parados por nivel formativo, a táboa anterior mostra unha tendencia progresiva das persoas desempregadas en todos os anos e en todos os niveis formativos, coas excepcións dos titulados en ensino obrigatorio que diminuíron en -0,75%, e outras titulacións en -5,47%, ambos no ano 2010; dato que ten certa relevancia, non polo número, senón por ser os únicos que rexistraron un crecemento positivo.

En canto ao incremento, nos primeiros anos o aumento foi de maior intensidade baixando o ritmo nos últimos anos, aínda que o 2011 tivo peor comportamento que no ano precedente, rematando o quinquenio con variacións medias anuais importantes, destacando os titulados en formación profesional (16,43%) e os titulados universitarios (16,09%).




■ 2.3.9.- Parados rexistrados por antigüidade na demanda

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
<= 1 mes	15.152	12,05	12.528	9,46	27.680	10,72
de 1 a 3 meses	24.573	19,54	20.901	15,78	45.474	17,61
de 3 a 6 meses	20.440	16,25	19.727	14,89	40.167	15,55
de 6 a 12 meses	22.433	17,84	20.139	15,20	42.572	16,49
de 12 a 24 meses	21.218	16,87	22.316	16,85	43.534	16,86
máis de 24 meses	21.959	17,46	36.848	27,82	58.807	22,77
Total	125.775	100	132.459	100	258.234	100

Se analizamos os desempregados por antigüidade na demanda, vemos como a maioría dos parados, o 22,77%, levaban máis de 24 meses nesta situación, o resto dos grupos distribúen o número de parados de maneira bastante homoxénea, agás os que levaban parados 1 mes ou menos que representaban o 10,72%.


Por xénero, no caso das mulleres o grupo que englobou o maior número de paradas foi o que levaba buscando emprego máis de 24 meses (27,82%), cifra notablemente superior a dos homes; en cambio no colectivo masculino o grupo que acadou máis desempregados foron os que levaban na procura dun emprego de 1 a 3 meses; no resto dos tramos os números son semellantes.



■ 2.3.10.- Evolución anual dos parados rexistrados por antigüidade na demanda

	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
<= 1 mes	20.046	26.956	27.062	26.454	27.680	6.910	34,47	106	0,39	-608	-2,25	1.226	4,63	8,40
de 1 a 3 meses	31.208	43.804	42.558	42.227	45.474	12.596	40,36	-1.246	-2,84	-331	-0,78	3.247	7,69	9,87
de 3 a 6 meses	22.710	30.033	34.506	34.971	40.167	7.323	32,25	4.473	14,89	465	1,35	5.196	14,86	15,32
de 6 a 12 meses	21.758	28.522	41.404	39.552	42.572	6.764	31,09	12.882	45,17	-1.852	-4,47	3.020	7,64	18,27
de 12 a 24 meses	19.981	22.670	36.565	43.663	43.534	2.689	13,46	13.895	61,29	7.098	19,41	-129	-0,30	21,49
máis de 24 meses	39.279	37.918	40.744	50.446	58.807	-1.361	-3,46	2.826	7,45	9.702	23,81	8.361	16,57	10,62
Total	154.982	189.903	222.839	237.313	258.234	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	13,61

Se nos referimos á evolución dos parados rexistrados por antigüidade na demanda, vemos como a tendencia é bastante dispar, o desemprego sube ou baixa dependendo do ano ou do colectivo; así no ano 2008 o único colectivo que diminúe foi o que levaba buscando emprego máis de 24 meses, no resto dos colectivos o desemprego sube de maneira notable. No ano 2009 son as persoas que levaban a procura dun emprego de 1 a 3 meses as que rexistraban unha diminución de -2,84% mentres que no resto dos grupos medrou considerablemente destacando os desempregados cunha antigüidade de 12 a 24 meses (61,29%). No ano 2010 os parados de corta duración, os que levaban buscando emprego 3 meses ou menos xunto cos que estaban anotados de 6 a 12 meses experimentaron un descenso, o resto aumentou sendo o grupo que levaba desempregado máis de 24 meses o que presentaron o maior incremento (23,81%). No ano 2011 o desemprego medrou a un ritmo lixeiramente superior ao 2010, destacando o colectivo dos que buscaban emprego máis de 24 meses (16,57%), seguido dos que buscaban emprego de 3 a 6 meses (14,86%), pola contra o grupo dos desempregados de 12 a 24 meses diminuíron nun- 0,30%; no entanto foi este mesmo colectivo o que rexistrou a maior variación media anual (21,49%).



■ 2.3.11.- Parados rexistrados por sector económico de procedencia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
SECTOR PRIMARIO	5.034	4,00	2.191	1,65	7.225	2,80
SECTOR SECUNDARIO	21.644	17,21	18.683	14,10	40.327	15,62
SECTOR CONSTRUCCIÓN	40.922	32,54	3.885	2,93	44.807	17,35
SECTOR SERVICIOS	49.000	38,96	89.341	67,45	138.341	53,57
SEN EMPREGO ANTERIOR	9.175	7,29	18.359	13,86	27.534	10,66
Total	125.775	100	132.459	100	258.234	100

Se nos centramos nos parados rexistrados por sector económico, segue a ser o sector servizos o que máis desempregados rexistrou (53,57%); a continuación sitúase o sector construción, co 17,35%, seguido moi de cerca polo sector secundario, co 15,62%; por último o sector primario é o que concentra menor número de parados o 2,80%; así pois, o sector servizos engloba máis desempregados que os outros tres sectores xuntos, ademais dos de “sen emprego anterior” que representaban o 10,66%.

Por sexo, tamén foi o sector servizos o que acapara o maior número de desempregados, aínda que a porcentaxe que supón este sector nas mulleres (67,45%) foi moi superior á dos homes (38,96%); Pola contra, no sector da construción e no primario, a gran maioría dos desempregados eran homes.




■ 2.3.12.- Evolución anual dos parados rexistrados por sector económico de procedencia

	31/12/2007	31/12/2008	31/12/2009	31/12/2010	31/12/2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	4.995	5.806	6.343	6.517	7.225	811	16,24	537	9,25	174	2,74	708	10,86	9,67
SECTOR SECUNDARIO	24.488	30.255	35.040	36.897	40.327	5.767	23,55	4.785	15,82	1.857	5,30	3.430	9,30	13,28
SECTOR CONSTRUCCIÓN	16.925	27.138	36.190	38.530	44.807	10.213	60,34	9.052	33,36	2.340	6,47	6.277	16,29	27,56
SECTOR SERVICIOS	85.494	103.069	121.704	126.942	138.341	17.575	20,56	18.635	18,08	5.238	4,30	11.399	8,98	12,79
SEN EMPREGO ANTERIOR	23.080	23.635	23.562	28.427	27.534	555	2,40	-73	-0,31	4.865	20,65	-893	-3,14	4,51
total	154.982	189.903	222.839	237.313	258.234	34.921	22,53	32.936	17,34	14.474	6,50	20.921	8,82	13,61

A evolución do número de parados rexistrados por sector económico de procedencia indica como en xeral o paro medrou ao longo dos cinco anos e en todos os sectores, destacando especialmente o ano 2008 e o sector da construción.

No ano 2009, a excepción ao aumento do desemprego foron os parados sen emprego anterior que diminuíron en 73 persoas (-0,31%); no ano 2010 o desemprego aumentou en todos os sectores acadando os valores máis altos os desempregados sen emprego anterior (20,65%) e por último no ano 2011 ese mesmo colectivo volve a diminuír nun -3,14% mentres que nos demais aumenta o desemprego destacando unha vez máis o sector da construción (16,29%), seguido polo sector secundario co 13,28%.




■ 2.3.13.- Parados rexistrados por gran grupo de ocupación

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% total
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	44.246	35,18	5.875	4,44	50.121	19,41
DIRECTORES E XERENTES	1.400	1,11	476	0,36	1.876	0,73
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	5.671	4,51	17.394	13,13	23.065	8,93
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	23.636	18,79	30.494	23,02	54.130	20,96
OCUPACIÓNS MILITARES	95	0,08	26	0,02	121	0,05
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	13.571	10,79	6.300	4,76	19.871	7,69
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	7.759	6,17	13.350	10,08	21.109	8,17
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	13.206	10,50	9.554	7,21	22.760	8,81
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	4.951	3,94	1.899	1,43	6.850	2,65
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	11.240	8,94	47.091	35,55	58.331	22,59
Total	125.775	100	132.459	100	258.234	100

Se nos referimos aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, destaca en primeiro lugar os “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” co 22,59%; seguido moi de cerca polo gran grupo de “ocupacións elementais” co 20,96% e en terceiro polos “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) co 19,41%. Englobando estes tres grupos máis da metade dos parados galegos.

Por sexo, a maioría das paradas galegas rexistráronse no gran grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” 47.091 paradas mentres que nos homes, neste mesmo grupo, teñen moito menos incidencia, 11.240 desempregados. No caso dos homes o grupo que destacou foi o de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) con 44.246 parados, grupo onde as mulleres rexistran menos volume de paradas (5.875).



2.3.14.- Evolución anual dos parados rexistrados por gran grupo de ocupación.

Debido á posta en marcha da nova Clasificación Nacional de Ocupacións CNO-11 non é posible realizar esta evolución.

■ 2.3.15.- As dez ocupacións máis demandadas

	Homes	Mulleres	Total	% Total
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	1.771	19.167	20.938	8,11
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	1.125	14.718	15.843	6,14
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	3.251	11.666	14.917	5,78
ALBANEIS	10.164	78	10.242	3,97
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	7.254	57	7.311	2,83
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	4.170	2.715	6.885	2,67
CAMAREIROS, EN XERAL	2.864	3.807	6.671	2,58
COCIÑEIROS, EN XERAL	899	3.022	3.921	1,52
CONDUTORES DE CAMIÓN, EN XERAL	3.863	54	3.917	1,52
CARPINTEIROS , EN XERAL	3.566	118	3.684	1,43

Na relación das dez ocupacións máis solicitadas, observamos como a maioría están encadradas no sector servizos e como practicamente son as mesmas que as dos anos anteriores. A ocupación máis demandada foi “dependentes de comercio, en xeral” co 8,11%, seguido polo “persoal de limpeza ou limpador, en xeral” co 6,14% e “empregados administrativos, en xeral” co 5,78%; nestas tres ocupacións a presenza feminina foi maioritaria, mentres que nos dúas ocupacións seguintes “albaneis” co 3,97% e “peóns da construción de edificios” 2,83% a maioría son homes. Pola contra, aquelas ocupacións onde o número de mulleres e homes foi máis ou menos parecido foron as menos.



■ 2.3.16.- Perfil tipo do demandante parado en Galicia¹



■ 2.3.17.- Perfil tipo da demandante parada en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

2.4. CONTRATOS

■ 2.4.1.- Contratos realizados por xénero


	Homes	Mulleres	Total
GALICIA	344.683	326.766	671.449
ESPAÑA	7.887.383	6.545.849	14.433.232

O número de contratos comunicados as nosas oficinas de emprego ao longo do ano 2011 foi de 671.449, dos cales realizáronse con mulleres o 48% e con homes o 52%, sendo a diferenza a favor dos homes de 4 puntos.

Os contratos rexistrados na nosa Comunidade supuxeron o 4,65% do total da contratación do Estado.

A contratación reduciuse no ano 2011 en 9.175 contratos con respecto a 2010, o que supuxo en termos relativos, un crecemento negativo do -1,35%.


Contratos por xénero. Galicia 2010



2.4.2.- Contratos realizados por provincia

	Homes	% Homes	Mulleres	% Mulleres	Total	% Total
A CORUÑA	141.274	40,99	141.177	43,20	282.451	42,07
LUGO	33.556	9,74	31.084	9,51	64.640	9,63
OURENSE	27.848	8,08	28.693	8,78	56.541	8,42
PONTEVEDRA	142.005	41,20	125.812	38,50	267.817	39,89
TOTAL GALICIA	344.683	100	326.766	100	671.449	100

Tal e como sucedía en anos anteriores, as provincias que rexistraron os maiores índices de contratación foron A Coruña (42,07%) e Pontevedra (39,89%); concentrando estas dúas provincias o 81,96% da totalidade de contratos que se realizaron en Galicia. Pola contra, as provincias de Lugo e Ourense a porcentaxe de contratación foi moi inferior, 9,63% e 8,42%, respectivamente.




■ 2.4.3.- Evolución anual do número de contratos por xénero

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	%	2009	%	2010	%	2011	%	V.M. anual
HOMES	456.242	410.458	350.240	353.905	344.683	-45.784	-10,04	-60.218	-14,67	3.665	1,05	-9.222	-2,61	-6,77
MULLERES	408.390	383.712	332.891	326.719	326.766	-24.678	-6,04	-50.821	-13,24	-6.172	-1,85	47	0,01	-5,42
TOTAL GALICIA	864.632	794.170	683.131	680.624	671.449	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-6,13

En canto á evolución da contratación dos últimos cinco anos, o máis sobresaínte foi o descenso continuado da contratación ao longo de todo o período, sendo de maior intensidade nos anos 2008 e 2009, moderándose no 2010, para volver a incrementarse no ano 2011 con -9.175 contratos menos que no ano anterior; rematando o quinquenio cunha variación media anual de -6,13%.

Por sexo, a baixada da contratación foi superior no colectivo masculino, agás no ano 2010 onde rexistrou un incremento de 3.665 contratos (1,05%), para volver a caer no 2011 un -2,61%, respecto ao ano anterior.

A contratación feminina descendeu de forma progresiva dende o 2007 ata o 2010, mentres que no ano 2011 experimentou unha lixeira subida, 47 contratos (0,01%).




■ 2.4.4.- Evolución mensual do número de contratos

Data	Homes	Mulleres	total	Variación			% Variación		
				Homes	Mulleres	total	Homes	Mulleres	total
31/12/2009	24.694	25.937	50.631						
XANEIRO	26.063	26.244	52.307	1.369	307	1.676	5,54	1,18	3,31
FEBREIRO	23.958	21.553	45.511	-2.105	-4.691	-6.796	-8,08	-17,87	-12,99
MARZO	27.515	24.075	51.590	3.557	2.522	6.079	14,85	11,70	13,36
ABRIL	25.918	24.073	49.991	-1.597	-2	-1.599	-5,80	-0,01	-3,10
MAIO	30.333	26.727	57.060	4.415	2.654	7.069	17,03	11,02	14,14
XUÑO	32.473	29.154	61.627	2.140	2.427	4.567	7,06	9,08	8,00
XULLO	37.845	35.147	72.992	5.372	5.993	11.365	16,54	20,56	18,44
AGOSTO	31.389	28.461	59.850	-6.456	-6.686	-13.142	-17,06	-19,02	-18,00
SETEMBRO	32.311	33.023	65.334	922	4.562	5.484	2,94	16,03	9,16
OUTUBRO	28.046	29.083	57.129	-4.265	-3.940	-8.205	-13,20	-11,93	-12,56
NOVEMBRO	25.689	24.711	50.400	-2.357	-4.372	-6.729	-8,40	-15,03	-11,78
DECEMBRO	23.143	24.515	47.658	-2.546	-196	-2.742	-9,91	-0,79	-5,44

A tendencia mensual da contratación presenta unha evolución similar a dos anos anteriores; logo do incremento da contratación no mes de xaneiro cun 3,31%, no mes de febreiro diminúe nun -12,99%, para volver a subir no mes de marzo un 13,36% e descende no mes de abril un -3,10%. Nos meses próximos ao período estival produciuse un aumento ata o mes de xullo, pero en agosto volve a rexistrarse a caída máis acusada de todo o ano (-18%). En setembro volve a incrementarse para experimentar un descenso cara ao final de ano.

Se a análise se fai por sexo, o comportamento do desemprego e o mesmo, o paro sube ou baixa nos mesmos meses para ambos os dous sexos. Onde si houbo diferenzas foi nas porcentaxes tanto de subida como de baixada, de maneira que nalgúns meses saen beneficiados as mulleres e noutros os homes.

Evolución mensual da contratación




■ 2.4.5.- Evolución mensual dos demandantes parados e contratados

	parados	contratados	% variación			
					% parados	% contratados
31/12/2010	237.313	38.528				
XANEIRO	245.831	43.064	8.518	4.536	3,59	11,77
FEBREIRO	248.279	37.180	2.448	-5.884	1,00	-13,66
MARZO	249.246	41.125	967	3.945	0,39	10,61
ABRIL	244.662	39.488	-4.584	-1.637	-1,84	-3,98
MAIO	240.014	42.915	-4.648	3.427	-1,90	8,68
XUÑO	233.557	47.181	-6.457	4.266	-2,69	9,94
XULLO	223.000	58.623	-10.557	11.442	-4,52	24,25
AGOSTO	224.582	45.072	1.582	-13.551	0,71	-23,12
SETEMBRO	232.918	51.222	8.336	6.150	3,71	13,64
OUTUBRO	242.142	44.726	9.224	-6.496	3,96	-12,68
NOVIEMBRE	253.416	37.779	11.274	-6.947	4,66	-15,53
DECEMBRO	258.234	35.009	4.818	-2.770	1,90	-7,33

No que respecta á evolución mensual das persoas paradas e contratadas, hai que ter en conta que a cifra de persoas desempregadas é moi superior a das persoas contratadas, de xeito que para realizar a comparativa e analizar a evolución recorreremos as porcentaxes.

A evolución das persoas desempregadas presenta unha liña máis ou menos estable, aumentando nos primeiros meses do ano, especialmente en xaneiro e descendendo nos meses de abril a xullo, para volver a subir a partir de agosto, sendo o mes de novembro o que supuxo a maior subida de todos os meses. Pola contra, a columna das persoas contratadas mostra oscilacións, así nos meses previos ao verán prodúcese un aumento das persoas contratadas, sendo o xullo o mes onde se aprecia o maior aumento de todo ano (24,25%) para caer abruptamente en agosto (-23,12%), sendo este mes o que se aprecia o maior descenso de todo o ano.

Por outra parte, e de acordo cos datos proporcionados pola táboa anterior, vemos como hai meses, como por exemplo xullo, onde o número de parados diminúe e o de contratados aumenta; pero isto non sempre sucede así, de xeito que hai meses que a pesar de que o número de contratados aumenta, tamén se incrementa a cifra de parados o que nos indica que a pesar de que aumente a contratación non sempre evita o aumento do desemprego.




■ 2.4.6.- Contratos por idade e xénero

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
<=25	77.398	22,45	78.203	23,93	155.601	23,17
26 a 35	131.052	38,02	120.662	36,93	251.714	37,49
36 a 45	77.878	22,59	77.356	23,67	155.234	23,12
46 a 55	43.674	12,67	41.319	12,64	84.993	12,66
>=56	14.681	4,26	9.226	2,82	23.907	3,56
Total	344.683	100	326.766	100	671.449	100

A maioría de contratos realizáronse a persoas de 26 a 35 anos, o 37,49% do total. O seguinte tramo de idade con maior peso na contratación foi o dos menores de 26 anos, acadando o 23,17%, seguido moi de cerca polo grupo de 36 a 45 anos (23,12%), de xeito que aquelas persoas maiores de 45 anos solo acapararon o 16,22% da totalidade da contratación.

Por sexo, o comportamento da contratación é practicamente o mesmo; os grupos de idades con máis contratación foron os mesmos e con porcentaxes moi similares.




■ 2.4.7.- Evolución anual da contratación por idade

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
<=25	266.807	231.956	178.551	169.664	155.601	-34.851	-13,06	-53.405	-23,02	-8.887	-4,98	-14.063	-8,29	-12,61
26 a 35	315.640	286.334	250.398	252.943	251.714	-29.306	-9,28	-35.936	-12,55	2.545	1,02	-1.229	-0,49	-5,50
36 a 45	169.834	165.039	148.681	151.972	155.234	-4.795	-2,82	-16.358	-9,91	3.291	2,21	3.262	2,15	-2,22
46 a 55	87.703	86.722	82.281	83.360	84.993	-981	-1,12	-4.441	-5,12	1.079	1,31	1.633	1,96	-0,78
>=56	24.648	24.119	23.220	22.685	23.907	-529	-2,15	-899	-3,73	-535	-2,30	1.222	5,39	-0,76
Total	864.632	794.170	683.131	680.624	671.449	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-6,13

No que se refire á contratación, durante o período 2007-2011 diminúe considerablemente, cunha variación media do 6,13%, sendo a contratación a menores de 26 anos a que rexistrou a variación negativa máis alta, -12,61%.

Se a análise se fai ano a ano, no bienio 2008 e 2009 produciuse a maior caída da contratación de todo o quinquenio e en todos os grupos de idade, pero afectando con máis intensidade aos máis xoves. Nos anos seguintes aínda que a contratación seguiu caendo, fíxoo a menor ritmo e non afectou a todos os grupos por igual, de feito no ano 2010 as persoas entre 26 e 55 anos aumentaron a contratación, mentres que os menores de 26 anos de novo foron os máis prexudicados. No ano 2011 o comportamento tamén foi negativo, e tampouco repercutiu en todos os grupos por igual, así volven a ser os menores de 26 anos os máis afectados perdendo, respecto ao ano anterior, o 8,29% da contratación; seguido polo seguinte tramo de idade que tamén reduciu contratos pero en menor medida (-0,49%). Nos seguintes tramos de idade o comportamento foi positivo, sendo os maiores de 55 anos os que, en termos relativos, máis medraron, 5,39%.

Por último, o período remata cos menores de 26 anos rexistrando a variación media anual máis negativa, -12,61% e cos maiores de 55 experimentando o descenso máis moderado, -0,76%.




■ 2.4.8.- Contratos por nivel formativo

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Ata certificado de escolaridade	82.085	23,81	50.674	15,51	132.759	19,77
BUP / Bacharelato superior / COU	45.387	13,17	51.667	15,81	97.054	14,45
Formación profesional	38.930	11,29	43.013	13,16	81.943	12,20
Titulación ensino obrigatorio	157.415	45,67	141.685	43,36	299.100	44,55
Titulados universitarios	20.866	6,05	39.727	12,16	60.593	9,02
Total	344.683	100	326.766	100	671.449	100

Se analizamos a contratación por nivel formativo, son os titulados de ensino obrigatorio os que tiñan máis peso (44,55%) seguidos, a bastante distancia, de ata certificado de escolaridade, co 19,77%, concentrando estes dous grupos máis da metade dos contratados.


Por sexo, o comportamento foi moi similar, foron os titulados con ensino obrigatorio os que acaparon a maior parte dos contratos tanto nos homes como nas mulleres. Pero comparando os número de contratos masculinos cos femininos, a cifra de contratos aos homes foi superior a das mulleres nos contratos con menor formación; pola contra, nos contratos con titulados universitarios o número de contratos as mulleres case duplica ao dos homes.



■ 2.4.9.- Evolución anual da contratación por nivel formativo

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
Ata certificado de escolaridade	172.557	159.825	138.320	143.905	132.759	-12.732	-7,38	-21.505	-13,46	5.585	4,04	-11.146	-7,75	-6,34
BUP / Bacharelato Superior / COU	140.106	123.433	98.240	99.484	97.054	-16.673	-11,90	-25.193	-20,41	1.244	1,27	-2.430	-2,44	-8,77
Formación profesional	121.098	109.369	91.930	89.452	81.943	-11.729	-9,69	-17.439	-15,95	-2.478	-2,70	-7.509	-8,39	-9,30
Titulación ensino obrigatorio	341.436	320.149	287.610	284.059	299.100	-21.287	-6,23	-32.539	-10,16	-3.551	-1,23	15.041	5,30	-3,26
Titulados universitarios	89.435	81.394	67.031	63.724	60.593	-8.041	-8,99	-14.363	-17,65	-3.307	-4,93	-3.131	-4,91	-9,27
Total	864.632	794.170	683.131	680.624	671.449	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-6,13

A evolución do número de contratos mostra un descenso continuo ao longo de todo o período, pero esta diminución non tivo a mesma repercusión en todos os colectivos; deste xeito, os titulados con formación profesional foron os que acadaron a variación media anual máis alta (-9,30%), seguido moi de cerca polos titulados universitarios (-9,27%). Pola contra, cabe sinalar que en todo o quinquenio as excepcións ao comportamento negativo foron escasas, no ano 2010 o colectivo que posuía ata certificado de escolaridade aumentou en 5.585 contratos (4,04%) e os que tiñan BUP/Bacharelato superior/COU en 1.244 contratos (1,27%); e no ano 2011 os que tiveron un comportamento positivo foron os titulados en ensino obrigatorio incrementándose en 15.041 contratos (5,30%).




■ 2.4.10.- Contratos por tipoloxía

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
Indefinido	24.817	7,20	14.788	4,53	39.605	5,90
Indefinido tempo parcial	4.833	1,40	9.204	2,82	14.037	2,09
Outros	12.787	3,71	4.107	1,26	16.894	2,52
Prácticas/Formación	4.129	1,20	3.771	1,15	7.900	1,18
Temporal	231.863	67,27	167.432	51,24	399.295	59,47
Temporal tempo parcial	66.254	19,22	127.464	39,01	193.718	28,85
Total	344.683	100	326.766	100	671.449	100

A gran maioría da contratación tivo carácter temporal, incluíndo os contratos temporais a tempo completo (59,47%) e a tempo parcial (28,85%); supoñendo o 88,32% da totalidade da contratación. Pola contra, tan só o 5,90% foron contratos indefinidos a xornada completa e o 2,09% o foron a tempo parcial, constatando así, unha vez mais, que o peso da contratación temporal foi moi superior ao da indefinida.


Por sexo, hai un predominio da contratación masculina sobre a feminina, agás naqueles contratos a tempo parcial, tanto na modalidade indefinida como na temporal, onde o número de contratos a mulleres foi máis do dobre que na dos homes.



■ 2.4.11.- Evolución anual da contratación por tipoloxía

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
Indefinido	81.291	71.079	52.293	45.536	39.605	-10.212	-12,56	-18.786	-26,43	-6.757	-12,92	-5.931	-13,02	-16,45
Indefinido tempo parcial	17.417	16.998	14.749	14.476	14.037	-419	-2,41	-2.249	-13,23	-273	-1,85	-439	-3,03	-5,25
Outros	20.195	18.876	20.380	17.894	16.894	-1.319	-6,53	1.504	7,97	-2.486	-12,20	-1.000	-5,59	-4,36
Prácticas/Formación	19.927	14.340	10.077	9.161	7.900	-5.587	-28,04	-4.263	-29,73	-916	-9,09	-1.261	-13,76	-20,65
Temporal	541.849	496.591	417.867	416.005	399.295	-45.258	-8,35	-78.724	-15,85	-1.862	-0,45	-16.710	-4,02	-7,35
Temporal tempo parcial	183.953	176.286	167.765	177.552	193.718	-7.667	-4,17	-8.521	-4,83	9.787	5,83	16.166	9,10	1,30
Total	864.632	794.170	683.131	680.624	671.449	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-6,13


No tocante á evolución anual da contratación por tipoloxía no período 2007-2011, o máis destacable é que se produciu un descenso en case todas as modalidades da contratación destacando os contratos indefinidos e os de prácticas/formación, por ser as modalidades que máis contratos perderon ano tras ano, con especial intensidade no ano 2008, e obtendo unha variación media anual do -16,45%, no caso dos indefinidos e de -20,65% no de prácticas/formación. Pola contra, a única modalidade que tivo un comportamento positivo foi a contratación temporal parcial, que se incrementou, no ano 2010 en 9.787 contratos (5,83%), e no 2011 en 16.166 contratos (9,10%), para finalmente obter a única variación media anual positiva de 1,30%.




■ 2.4.12.- Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
2007	864.632	415.530	2,08
2008	794.170	379.649	2,09
2009	683.131	326.507	2,09
2010	680.624	314.226	2,17
2011	671.449	302.277	2,22

O índice de rotación é a relación entre o número de contratos e o número de persoas contratadas nun período de tempo. De acordo cos datos proporcionados pola táboa anterior, observamos como índice de rotación medrou desde o 2007 ao 2008, estancouse no 2009 para volver a subir no anos seguintes, situándose no ano 2011 en 2,22 contratos por persoa. Resultando un incremento para todo o período de 0,14 puntos, sendo a variación máis alta que nos anos precedentes.



■ 2.4.13.- Mobilidade dos contratados por xénero en Galicia



No referido ás cifras de persoas que entran e saen da Comunidade Autónoma de Galicia, observamos, como xa vén sucedendo en anos anteriores, que o número de persoas que saen son superiores as que entran, presentando así un saldo negativo; ou dito de outro xeito, Galicia é unha comunidade que exporta traballadores, sobre todo homes.

■ 2.4.14.- Contratos por sector económico

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
SECTOR PRIMARIO	18.362	5,33	3.281	1,00	21.643	3,22
SECTOR SECUNDARIO	36.361	10,55	21.713	6,64	58.074	8,65
SECTOR CONSTRUCCIÓN	46.587	13,52	2.780	0,85	49.367	7,35
SECTOR SERVICIOS	243.373	70,61	298.992	91,50	542.365	80,78
Total	344.683	100	326.766	100	671.449	100

Un ano máis, a maioría dos traballadores galegos desenvolven a súa actividade no sector servizos, de maneira que concentra o maior número de contratos, 80,78%; en segundo lugar atópase a industria, pero xa con porcentaxes moi inferiores (8,65%), seguido da construción que acapara o 7,35% da contratación; por último, o sector primario apenas significou o 3,22% da contratación.


Por sexo, a concentración da contratación tamén se situou no sector servizos, aínda que existen diferenzas, como é o feito de que as mulleres predominan no sector servizos (91,50%) mentres que, pola contra, apenas teñen presenza no sector da construción (0,85%). No caso dos homes, tamén a maioría se contratan no sector servizos (70,61%), seguido do sector da construción onde tiñan unha presenza do 13,52%, converténdose no segundo sector en importancia, a continuación situábase o sector secundario co 10,55%, e por último o sector primario que englobou solo o 5,33% da contratación masculina.



■ 2.4.15.- Evolución anual dos contratos por sector económico

	2007	2008	2009	2010	2011	2008	% variación	2009	% variación	2010	% variación	2011	% variación	V.M. anual
SECTOR PRIMARIO	21.312	23.876	21.280	20.924	21.643	2.564	12,03	-2.596	-10,87	-356	-1,67	719	3,44	0,39
SECTOR SECUNDARIO	92.247	77.192	62.021	57.907	58.074	-15.055	-16,32	-15.171	-19,65	-4.114	-6,63	167	0,29	-10,92
SECTOR CONSTRUCCIÓN	101.679	81.641	68.721	61.088	49.367	-20.038	-19,71	-12.920	-15,83	-7.633	-11,11	-11.721	-19,19	-16,53
SECTOR SERVICIOS	649.394	611.461	531.107	540.705	542.365	-37.933	-5,84	-80.354	-13,14	9.598	1,81	1.660	0,31	-4,40
Total	864.632	794.170	683.131	680.624	671.449	-70.462	-8,15	-111.039	-13,98	-2.507	-0,37	-9.175	-1,35	-6,13

A evolución da contratación por sectores para este período caracterízase por ser bastante desigual, deste xeito, no ano 2008, o sector primario foi o único que rexistrou un incremento notable, mentres que o resto dos sectores mostraron unha redución considerable, destacando a construción. No ano 2009 produciuse un descenso da contratación que afectou a todos os sectores de maneira significativa, sendo o peor ano do quinquenio. No ano 2010 tamén se reduciu a contratación, agás o sector servizos que aumentou en 9.598 contratos (1,81%), subida que continuou no ano 2011 en 1.660 contratos (0,31%) e ao que se sumou o sector primario con 719 contratos e o secundario con 167 contratos. Finalmente todos os sectores, agás a agricultura, remataron con variacións medias anuais negativas, destacando a construción e a industria que acadaron o -16,53% e -10,92% respectivamente.




■ 2.4.16.- Contratos por gran grupo de ocupación

	Homes	%	Mulleres	%	Total	%
ARTESÁNS E TRABALLADORES CUALIFICADOS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS E A CONSTRUCCIÓN (AGÁS OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA)	62.279	18,07	13.530	4,14	75.809	11,29
DIRECTORES E XERENTES	1.076	0,31	570	0,17	1.646	0,25
EMPREGADOS CONTABLES, ADMINISTRATIVOS E OUTROS EMPREGADOS DE OFICINA	15.497	4,50	35.196	10,77	50.693	7,55
OCUPACIÓNS ELEMENTAIS	90.144	26,15	75.440	23,09	165.584	24,66
OCUPACIÓNS MILITARES	73	0,02	71	0,02	144	0,02
OPERADORES DE INSTALACIÓNS E MAQUINARIA, E MONTADORES	42.880	12,44	9.422	2,88	52.302	7,79
TÉCNICOS E PROFESIONAIS CIENTÍFICOS E INTELLECTUAIS	33.704	9,78	35.249	10,79	68.953	10,27
TÉCNICOS; PROFESIONAIS DE APOIO	26.426	7,67	18.942	5,80	45.368	6,76
TRABALLADORES CUALIFICADOS NO SECTOR AGRÍCOLA, GANDEIRO, FORESTAL E PESQUEIRO	9.810	2,85	1.987	0,61	11.797	1,76
TRABALLADORES DOS SERVIZOS DE RESTAURACIÓN, PERSOAIS, PROTECCIÓN E VENDEDORES	62.791	18,22	136.355	41,73	199.146	29,66
en branco	3	0,00	4	0,00	7	0,00
Total	344.683	100	326.766	100	671.449	100

Segundo os grandes grupos de ocupación e de acordo co que amosa a táboa anterior, observamos que as ocupacións con maior número de contratos son as de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” que representan o 29,66%, seguido das “ocupacións elementais” (24,66%), de xeito que entre estes dous grupos engloban máis da metade da contratación. O grao de concentración do resto das ocupacións é moi inferior oscilando entre o 11,29% dos “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)e o 0,25% dos “directores xerentes”.

Atendendo á distribución segundo sexo, os grupos de ocupación con maior contratación feminina foron os mesmos que para a totalidade, pero no caso dos traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores, con maior peso porcentual (41,73%), e nas ocupacións elementais a porcentaxe foi do 23,09%. Con respecto aos homes, a maioría dos contratos rexistráronse no gran grupo “ocupacións elementais” (26,15%); seguidos por “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” co 18,22% e artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria) co 18,07%.



■ 2.4.17.- Evolución anual dos contratos por gran grupo de ocupación

Debido á posta en marcha da nova Clasificación Nacional de Ocupacións CNO-11, non é posible realizar esta evolución.


■ 2.4.18.- As dez ocupacións máis contratadas

Grupos primarios	Homes	Mulleres	Total	% Total
Camareiros asalariados	32.013	35.676	67.689	10,08
Vendedores en tendas e almacéns	7.741	39.337	47.078	7,01
Peóns das industrias manufacteiras	25.152	19.339	44.491	6,63
Persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares	4.895	32.529	37.424	5,57
Peóns do transporte de mercadorías e descargadores	26.327	3.393	29.720	4,43
Compositores, músicos e cantantes	12.184	3.379	15.563	2,32
Albaneis	13.099	136	13.235	1,97
Cociñeiros asalariados	4.249	8.233	12.482	1,86
Condutores asalariados de camións	9.933	164	10.097	1,50
Empregados administrativos sen tarefas de atención ao público non clasificados baixo outros epígrafes	2.223	6.462	8.685	1,29

A táboa cos dez grupos primarios máis contratados reflicte que estes 10 grupos engloban o 42,66% da totalidade da contratación. A maioría corresponden ao sector servizos e coinciden coas dos anos anteriores, o que nos está a indicar que existe unha certa estabilización nas ocupacións.

Por outra banda, trátase de ocupacións con baixa cualificación, e en moitos casos non requiren coñecementos específicos nin experiencia laboral, ademais son ocupacións moi masculinizadas ou feminizadas, segundo o caso, así na ocupación de “peóns do transporte de mercadorías e descargadores” vemos que mentres que se rexistraron 26.327 contratos aos homes no caso das mulleres tan só foron 3.393 contratos; e como exemplo do contrario, é dicir, de grupo ocupacional feminizado atópase o “persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares”, onde o número de contratos con homes foi de 4.895 e a mulleres de 32.529. As excepcións son aqueles grupos ocupacionais en que o número de mulleres e homes contratados foi similar, dándose na ocupación que encabeza a lista, “camareiros asalariados” onde os homes concentraron 32.013 contratos e as mulleres 35.676.

As dez ocupacións máis contratadas



■ 2.4.19.- Perfil tipo do contratado en Galicia¹



■ 2.4.20.- Perfil tipo da contratada en Galicia¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.


2.5. FORMACIÓN

■ 2.5.1.- Número de cursos para desempregados que se impartiron en Galicia no ano 2011

FAMILIA	CURSOS	% TOTAL DE CURSOS
Actividades físicas e deportivas	13	1,14
Administración e xestión	220	19,28
Agraria	34	2,98
Artes e artesanías	5	0,44
Artes gráficas	44	3,86
Comercio e marketing	67	5,87
Edificación e obra civil	30	2,63
Electricidade e electrónica	30	2,63
Enerxía e auga	39	3,42
Fabricación mecánica	33	2,89
Formación complementaria	1	0,09
Hostelería e turismo	73	6,40
Imaxe e son	5	0,44
Imaxe persoal	20	1,75
Industrias alimentarias	7	0,61
Informática e comunicacións	96	8,41
Instalación e mantemento	10	0,88
Madeira, moble e corcho	13	1,14
Marítimo pesqueira	1	0,09
Química	1	0,09
Sanidade	81	7,10
Seguridade e medioambiente	19	1,67
Servizos socioculturais e á comunidade	194	17,00
Téxtil, confección e pel	3	0,26
Transporte e mantemento de vehículos	102	8,94
Total	1.141	100

No cadro anterior , que analiza os cursos que se impartiron en Galicia ao longo do ano 2011 segundo a familia profesional, obsérvase que a maior porcentaxe deuse na familia de administración e xestión con 220 cursos o que supuxo o 19,28% da totalidade, seguido dos servizos socioculturais e á comunidade con 194 cursos, concentrando 17% e da de transporte e mantemento de vehículos con 102 cursos acaparando o 8,94%; de xeito que, estas tres familias englobaron case a metade dos cursos que se impartiron na nosa Comunidade. Polo contrario, houbo familias onde o número de cursos programados foi moi baixo como por exemplo, marítimo pesqueira ou sanidade cun curso cada unha.

Cursos por familia profesional




■ 2.5.2.- Cursos impartidos por familia profesional e provincia

FAMILIA	A CORUÑA	LUGO	OURENSE	PONTEVEDRA
Actividades físicas e deportivas	8		1	4
Administración e xestión	72	30	39	79
Agraria	10	8	12	4
Artes e artesanías	1	1		3
Artes gráficas	13	10	6	15
Comercio e marketing	31	4	19	13
Edificación e obra civil	8	7	11	4
Electricidade e electrónica	16	2	2	10
Enerxía e auga	10	11	10	8
Fabricación mecánica	13	2	3	15
Formación complementaria				1
Hostelería e turismo	29	13	21	10
Imaxe e son	3			2
Imaxe persoal	3	3	11	3
Industrias alimentarias	2		3	2
Informática e comunicacións	24	7	28	37
Instalación e mantemento	2		5	3
Madeira, moble e corcho	5	3	1	4
Marítimo pesqueira	1			
Química	1			
Sanidade	19	27	22	13
Seguridade e medioambiente	4	3	3	9
Servizos socioculturais e á comunidade	66	27	46	55
Téxtil, confección e pel	2		1	
Transporte e mantemento de vehículos	18	17	19	48
Total	361	175	263	342

En canto á distribución de cursos por familia e provincias, vemos como novamente son as provincias de A Coruña e Pontevedra as que concentran o maior número de cursos co 61,61% da totalidade; en Ourense a porcentaxe de cursos foi do 23,03% e Lugo foi a que menos cursos tivo, correspondéndolle o 15,34%. Por outra parte, dependendo da familia destacan unhas provincias ou outras, así Pontevedra foi a que máis cursos impartiu na familia de transporte e mantemento de vehículos, A Coruña na familia de servizos socioculturais e á comunidade, Lugo en sanidade e Ourense en agraria; ademais non todas as familias se imparten en todas as provincias, por exemplo, en imaxe e son non se programou ningún curso ni en Lugo nin en Ourense ou na de téxtil, confección e pel non se tampouco se cursos nin en Lugo nin en Pontevedra.

Cursos por Familia Profesional e Provincia



■ 2.5.3.- Alumnos formados por familia profesional


	Homes	Mulleres	Total	% Homes	% Mulleres
Actividades físicas e deportivas	155	40	195	79,49	20,51
Administración e xestión	889	2.677	3.566	24,93	75,07
Agraria	392	137	529	74,10	25,90
Artes e artesanías	58	23	81	71,60	28,40
Artes gráficas	317	356	673	47,10	52,90
Comercio e marketing	396	671	1.067	37,11	62,89
Edificación e obra civil	440	59	499	88,18	11,82
Electricidade e electrónica	449	26	475	94,53	5,47
Energía e auga	542	86	628	86,31	13,69
Fabricación mecánica	437	31	468	93,38	6,62
Formación complementaria	11	4	15	73,33	26,67
Hostelería e turismo	428	732	1.160	36,90	63,10
Imaxe e son	48	30	78	61,54	38,46
Imaxe persoal	24	299	323	7,43	92,57
Industrias alimentarias	44	62	106	41,51	58,49
Informática e comunicacións	986	558	1.544	63,86	36,14
Instalación e mantemento	141	4	145	97,24	2,76
Madeira, moble e corcho	190	28	218	87,16	12,84
Marítimo pesqueira	5	11	16	31,25	68,75
Química	9	7	16	56,25	43,75
Sanidade	107	1.154	1.261	8,49	91,51
Seguridade e medioambiente	267	70	337	79,23	20,77
Servizos socioculturais e á comunidade	472	2.525	2.997	15,75	84,25
Téxtil, confección e pel	3	29	32	9,38	90,63
Transporte e Mantemento de Vehículos	1.420	200	1.620	87,65	12,35
Total	8.230	9.819	18.049	45,60	54,40

Durante o ano 2011 un total de 18.049 persoas participaron nun curso de formación para o emprego. Destes o 45,60% foron homes e o 54,40% mulleres.

En canto á distribución de alumnos por familia, obsérvase que dependendo da familia hai unha maior proporción de homes ou de mulleres, deste xeito, por exemplo nas familias de electricidade e electrónica, fabricación mecánica ou instalación e mantemento, o colectivo masculino acaparou máis do 90%; en cambio nas familias de téxtil, confección e pel ou na de sanidade eran as mulleres as que concentraron máis do 90% do alumnado.


Pola contra, aquelas especialidades con cifras de mulleres e de homes semellantes foron as menos, destacando a de artes gráficas.

Alumnos formados por familia profesional



■ 2.5.4.- Alumnos formados por idade

Idade	Homes	Mulleres	total
MENOR DE 25	1.400	1.317	2.717
25 A 45	5.672	6.902	12.574
MAIOR DE 45	1.158	1.600	2.758
Total	8.230	9.819	18.049



O 69,67% dos alumnos que participaron nun curso no ano 2011 tiñan de 25 a 45 anos, si a estes lle engadimos o 15% que supuxeron os menores de 25 anos, deducimos que tres de cada catro alumnos que cursaron unha acción formativa tiñan menos de 46 anos.

Por sexo, observamos que nos alumnos menores de 25 anos houbo máis mulleres que homes pero nas idades seguintes o predominio foi das mulleres, especialmente nos maiores de 45 anos.

3.- COLECTIVOS


3.1. MULLERES

■ 3.1.1.- Datos demográficos


	Total	Mulleres	% mulleres sobre o total	Variación 11/10
A Coruña	1.147.124	595.648	51,93	508
Lugo	351.530	180.676	51,40	-845
Ourense	333.257	172.687	51,82	-1.186
Pontevedra	963.511	496.820	51,56	248
GALICIA	2.795.422	1.445.831	51,72	-1.275
ESPAÑA	47.190.493	23.794.846	50,42	169.462

Segundo a cifra oficial facilitada polo Padrón Municipal de Habitantes, o día 1 de xaneiro de 2011 residía en Galicia un total de 1.445.831 mulleres, o que supoñía o 51,72% da poboación total; proporción lixeiramente superior a do conxunto de Estado, que foi do 50,42%. Respecto ao ano anterior, a poboación feminina de Galicia experimentou unha leve redución de 1.275 persoas (-0,09%) mentres que no conxunto do Estado creceu en 169.462 persoas.

Por provincias, o comportamento non foi homoxéneo, mentres nas atlánticas produciuse un aumento da poboación, aínda que con números moi reducidos, Lugo e sobre todo Ourense perderon poboación -0,47% e -0,68%, respectivamente.



Porcentaxe de mulleres na poboación no ano 2011



	47,29 – 48,47
	48,48 – 50,61
	50,62 – 51,5
	51,6 – 52,9

■ 3.1.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

	Taxa de actividade	Taxa de paro	Taxa de ocupación
A Coruña	52,8	16,5	44,03
Lugo	46,9	12,8	40,93
Ourense	43,4	19,4	34,98
Pontevedra	49,3	24,5	37,21
GALICIA	49,7	19,1	40,23
ESPAÑA	52,93	23,32	40,58

Fonte: Instituto Galego de Estatística. EPA. Cifras do último trimestre de 2011

Atendendo a taxa de actividade do IV trimestre do ano 2011, obsérvase que en Galicia foi de 49,7% mentres que en España era do 52,93% o que supuxo unha diferenza de 3,23 puntos a favor do Estado.

Por provincias, foi a da Coruña a que rexistrou a taxa máis alta co 52,8% mentres que a de Ourense foi a máis baixa co 43,4% , sendo a diferenza entre elas de máis de 9 puntos.


A taxa de paro feminina situouse en Galicia no 19,1% sendo esta inferior en 4,22 puntos a do Estado.

Analizando a taxa de paro por provincias, destaca a de Pontevedra cunha taxa de paro do 24,5%, pola contra a de Lugo rexistrou a taxa máis baixa co 12,8% sendo a diferenza entre elas de 11,7 puntos.

Polo que respecta a taxa de emprego, as mulleres galegas acadaron unha taxa de emprego do 40,23%, cifra moi parecida a do Estado co 40,58%.

Por provincias, foi a da Coruña a que se situou cos valores máis altos cunha taxa do 44,03% mentres que a de Ourense foi do 34,98% sendo a taxa da Coruña case 10 puntos por riba da de Ourense.

Taxa de actividade, ocupación e paro feminino





3.1.3.- Afiliacións

	Réxime xeral	Réxime agrario	Réxime mar	Réxime fogar	Réxime autónomos
A Coruña	147.493	406	1.724	8.027	37.432
Lugo	37.511	290	191	2.783	16.400
Ourense	35.557	71	0	2.838	10.256
Pontevedra	113.445	510	4.121	5.997	27.564
GALICIA	334.006	1.277	6.036	19.645	91.652
ESPAÑA	6.158.502	363.251	9.195	274.488	1.049.609

No que atinxe ás afiliacións de mulleres no ano 2011, case a terceira parte do volume de afiliacións estaba suxeita ao réxime xeral, seguido a considerable distancia polo réxime especial de autónomos que aglutinou o 20,25%. Os réximes restantes rexistraron un peso moi inferior, repartíndose entre o réxime especial de empregados do fogar (4,34%), o do mar co 1,33% e o agrario co 0,28%.

Por provincias, cabe dicir que as afiliadas distribuíronse de novo na súa maioría entre as provincias atlánticas, destacando a Coruña nos réximes xeral, no de empregados do fogar e no de autónomos mentres que a de Pontevedra predomina nos réximes restantes.

En canto ás variacións interanuais, coa excepción do réxime agrario que tivo un leve crecemento positivo (6 afiliados respecto ao ano anterior) o resto dos réximes rexistraron unha redución no número de afiliadas.



As dez actividades máis destacadas entre as mulleres asalariadas. (CNAE-09 2 díxitos)



Se nos referimos ás actividades máis importantes, cabe dicir que as dez actividades engloban o 67% da totalidade das asalariadas; e destas, as actividades cunha representación máis importante entre as afiliadas galegas foron as de comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas co 15,96%; as actividades sanitarias co 11,74% e administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria co 9,87%.

As dez actividades máis destacadas entre as mulleres afiliadas no réxime especial de autónomos. (CNAE-09 2 díxitos).

CNAE-09	Mulleres	Peso relativo
Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	22.644	24,71
Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	20.497	22,36
Servizos de comidas e bebidas	11.436	12,48
Outros servizos persoais	6.173	6,74
Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	3.369	3,68
Actividades sanitarias	2.420	2,64
Educación	2.160	2,36
Actividades xurídicas e de contabilidade	1.672	1,82
Actividades auxiliares dos servizos financeiros e aos seguros	1.516	1,65
Industria da alimentación	1.514	1,65

Tamén existe unha alta concentración nas actividades principais das autónomas galegas, así vemos como so tres actividades engloban máis do 69% da totalidade.

A actividade con máis peso foi a de agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas co 24,71%, seguida do comercio ao retalho salvo de vehículos de motor e motocicletas co 22,36% e de Servizos de comidas e bebidas co 12,48%.

Por outra banda, dicir que tanto no caso das asalariadas como no de autónomas as actividades son practicamente as mesmas que as do ano anterior.

■ 3.1.4.- Demandantes paradas

	Mulleres	Homes	Total	% mulleres
A Coruña	52.106	49.546	101.652	51,26
Lugo	12.393	13.012	25.405	48,78
Ourense	14.446	13.771	28.217	51,20
Pontevedra	53.514	49.446	102.960	51,98
GALICIA	132.459	125.775	258.234	51,29
ESPAÑA	2.212.621	2.209.738	4.422.359	50,03


O número de desempregadas anotadas nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia a 31 de decembro de 2011, ascendía a 132.459 mulleres, o que supoñía o 51,29% da totalidade dos parados galegos, mentres que no conxunto do Estado a porcentaxe ascendía a 50,03%.

A nivel provincial, Lugo foi a única provincia onde a porcentaxe de mulleres paradas foi inferior á dos homes, no resto das provincias o desemprego feminino superou o masculino, sendo Pontevedra a que contaba con máis mulleres desempregadas.




Polo que se refire á variación da cifra de demandantes paradas no ano 2011, observamos un crecemento das paradas nun 5,07% para o conxunto de Galicia. Por provincias, destaca Pontevedra cun aumento do 7,15%, máis de dous puntos por riba de media de Galicia, mentres que Ourense foi a provincia onde menos medrou o desemprego feminino (2,29%).

Porcentaxe do paro feminino rexistrado no ano 2011



	35,19 – 43,68
	43,69 – 49,07
	49,08 – 51,84
	51,85 – 57,44

As dez actividades máis destacadas entre as mulleres paradas (CNAE-09 2 díxitos)



Se atendemos ao cadro anterior, podemos concluír que o 66,19% das desempregadas galegas estaban englobadas nunha desas 10 actividades, incluíndo aquelas que non tiveran un emprego anterior, as cales formaban o grupo máis numeroso (13,86%). Das actividades destaca en primeiro lugar a de comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas (12,08%), servizos de comidas e bebidas co 11% e administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria co 5,55%.


Así mesmo, trátase das mesmas actividades que as do ano anterior e con porcentaxes moi semellantes.

■ 3.1.5.- Contratación

	Mulleres	Homes	Total	%
A Coruña	141.177	141.274	282.451	49,98
Lugo	31.084	33.556	64.640	48,09
Ourense	28.693	27.848	56.541	50,75
Pontevedra	125.812	142.005	267.817	46,98
GALICIA	326.766	344.683	671.449	48,67
ESPAÑA	6.545.849	7.887.383	14.433.232	45,35


De acordo cos datos proporcionados polos Servizos Públicos de emprego de Galicia, durante o ano 2011 formalizáronse en Galicia 326.766 contratos a mulleres, o que supuxo o 48,67% da contratación total. No Estado a contratación feminina sumou o 45,35% da totalidade das contratacións realizadas; o que significaba que a participación das mulleres galegas na contratación foi superior á do conxunto de Estado en máis de tres puntos.

Se analizamos a contratación feminina por provincias, observamos como Ourense foi a provincia que máis mulleres contratou (50,75%), mentres que Pontevedra foi a que menor proporción de mulleres contratou (46,98%).



No tocante á variación na contratación feminina, vemos un crecemento practicamente nulo (0,01%) para Galicia. Aínda que este comportamento non afectou por igual a todas as provincias, deste xeito, Ourense foi a provincia que experimentou unha maior subida na contratación (3,57%), Lugo tamén subiu o 0,01%, mentres que as dúas provincias atlánticas rexistraron un leve descenso.

Porcentaxe de contratos nas mulleres no ano 2011



	30,83 – 38,07
	38,08 – 45,45
	45,46 – 50,42
	50,43 – 57,75

3.2. MENORES DE 30 ANOS


■ 3.2.1.- Datos demográficos

	Poboación total	Menores 30 anos	% <30 anos sobre o total	Variación 11/10
A Coruña	1.147.124	309.047	26,94	-6.212
Lugo	351.530	84.335	23,99	-2.463
Ourense	333.257	79.228	23,77	-2.092
Pontevedra	963.511	282.381	29,31	-6.526
GALICIA	2.795.422	754.991	27,01	-17.293
ESPAÑA	47.190.493	15.167.606	32,14	-211.820


Segundo os datos do Padrón Municipal de Habitantes referidos a 1 de xaneiro de 2011, a poboación dos menores de 30 anos en Galicia ascendía a 754.991 persoas, o que supoñía o 27,01% da poboación. Se esta porcentaxe a comparamos coa estatal observamos como a proporción de mozos é superior no Estado en 5,3 puntos.

Por provincias, Pontevedra foi a que rexistrou maior volume de mozos co 29,31% da totalidade da poboación da provincia, mentres que en Ourense a proporción foi de 23,77%.


Polo que se refire á variación da poboación o número de mozos descendeu en Galicia o 2,24% mentres que no Estado esta redución foi algo menor (-1,38%). Por provincias, destaca Lugo cunha redución do -2,84% seguida de Ourense co -2,57%, Pontevedra co -2,26% e Coruña co -1,97%.



Variación 2011/10 da poboación menor de 30 anos



Porcentaxe de poboación nos menores de 30 anos



	14,25 – 19,93
	19,94 – 23,64
	23,65 – 27,53
	27,54 – 30,76

■ 3.2.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)

Taxas de actividade, ocupación e paro dos menores de 30 anos


	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	58,61	59,47	57,72	42,07	42,70	41,53	28,23	28,19	28,26
Lugo	61,26	63,71	58,69	46,97	48,79	45,54	23,32	24,05	23,20
Ourense	62,16	64,08	60,40	43,98	48,06	40,59	29,25	25,00	32,79
Pontevedra	58,27	62,18	54,47	36,17	37,54	34,64	37,92	39,41	36,15
GALICIA	59,19	61,39	56,87	40,73	42,18	39,24	31,19	31,37	30,99

Fonte: Instituto Galego de Estatística. IV trimestre 2011

A taxa de actividade xuvenil do conxunto de Galicia no IV trimestre do 2011 foi do 59,19%, o que significa que da poboación cunha idade comprendida entre 16 e 30 anos, esa proporción ou traballa ou busca emprego. Se a análise se fai por sexo, a taxa de actividade masculina foi do 61,39% fronte ao 56,87% da taxa feminina o que supoñía unha distancia de 4,52 puntos a favor dos homes. Por provincias, a maior taxa de actividade acadouna Ourense co 62,16% mentres que Pontevedra foi a que rexistrou a máis baixa co 58,27%.

Se incidimos na taxa de ocupación esta foi do 40,73% en Galicia. Por sexo, os mozos rexistran unha taxa de ocupación do 42,18% mentres a das mozas foi do 39,24%; o que sitúa aos homes en 2,94 puntos por riba das mulleres. No que respecta as provincias, Lugo foi a que presentou a taxa máis alta co 46,97% fronte a Pontevedra que rexistrou a máis baixa co 36,17% habendo unha diferenza entre elas de máis de 10 puntos.

A taxa de paro xuvenil na Comunidade galega foi do 31,19% o que a situaba 12,89 puntos por riba da media xeral de Galicia para o mesmo período. Por sexo, a poboación parada de xénero feminino era do 30,99% mentres que a masculina era do 31,37%. En canto a distribución provincial destaca Pontevedra por ter a taxa de paro máis alta co 37,92% fronte a Lugo que foi a que a tivo máis baixa co 23,32%, sendo a distancia entre elas de 14,6 puntos.



■ 3.2.3.- Afiliacións

	Mar	Agrario	Autónomos	Fogar	Xeral
A Coruña	926	345	5.477	460	51.672
Lugo	169	346	2.181	104	13.413
Ourense	4	89	1.858	113	11.625
Pontevedra	903	289	4.640	388	39.476
Non consta	6	13	87	5	18
GALICIA	2.008	1.082	14.243	1.070	116.204


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 30 de decembro de 2011

No ano 2011 as afiliacións en alta laboral de mozos galegos ascendeu a 134.607 persoas, pero estas non se distribuíron por igual en todos os réximes; como era de esperar, hai un predominio do réxime xeral co 86,33%, seguido do de autónomos, pero con porcentaxes moi inferiores (10,58%). O 3,09% restante repártese entre os demais réximes converténdose case en residuais.


Se comparamos a participación dos menores de 30 anos na afiliación, observamos como a maior porcentaxe de afiliados mozos cotiza no réxime agrario, concretamente o 23% seguido do réxime xeral co 16,81%; no resto dos réximes as porcentaxe son menores, deste xeito no réxime do mar representaban o 9,26%, no de autónomos o 6,55% e por último, no de fogar o 5,32%.


Se analizamos a variación interanual, vemos como o saldo foi negativo en todos os réximes e en todas as provincias coa excepción do réxime agrario que presentou un balance positivo no conxunto de Galicia cun aumento do 2,95% respecto ao ano anterior, aínda que este presenta diferenzas por provincias, así mentres que en Ourense o Pontevedra produciuse unha diminución do -14,42% e -2,36%, respectivamente; A Coruña e Lugo rexistraron un aumento na afiliación do 7,14% e 9,84%.

Distribución dos afiliados menores de 30 anos por réximes da Seguridade Social




Participación dos menores de 30 anos na afiliación segundo réxime sobre o total de Galicia





As dez actividades máis importantes entre os asalariados menores de 30 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia



Os mozos galegos menores de 30 anos están afiliados maioritariamente na actividade de Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas (16,55%) a continuación sitúase a de Servizos de comidas e bebidas co 10,70% seguida da de Actividades de construción especializada co 5,91%, deste xeito, estas tres actividades concentran o 33,16%.

As dez actividades máis importantes entre os menores de 30 anos autónomos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

CNAE	Descrición	Total	Porcentaxe
56	Servizos de comidas e bebidas	2.276	15,98
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	2.188	15,36
43	Actividades de construción especializada	1.488	10,45
1	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	1.078	7,57
96	Outros servizos persoais	816	5,73
46	Comercio por xunto e intermediarios, agás vehículos de motor e motocicletas	679	4,77
41	Construción de edificios	653	4,58
49	Transporte terrestre e por tubaxe	562	3,95
86	Actividades sanitarias	525	3,69
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	496	3,48


Se analizamos os datos da táboa anterior, observamos que das actividades que rexistraron máis altas entre autónomos, destacan Servizos de comidas e bebidas co 15,98% seguido moi de cerca pola de Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas co 15,36% e Actividades de construción especializada co 10,45%; deste xeito entre estas tres actividades aglutinan máis do 41% da afiliación de autónomos. Pero se nos fixamos nas dez actividades vemos como 3 de cada catro mozos autónomos galegos estaban enmarcados nunha destas 10 actividades. Actividades, que por outra parte, son practicamente as mesmas que as dos anos anteriores.

■ 3.2.4.- Demandantes parados menores de 30 anos


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	10.245	9.208	19.453
Lugo	2.926	2.706	5.632
Ourense	2.880	2.602	5.482
Pontevedra	11.226	9.538	20.764
GALICIA	27.277	24.054	51.331

No ano 2011 o número de demandantes parados menores de 30 anos inscritos nas oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia era de 51.331 persoas, das cales o 47% eran mulleres e o 53% homes, o que representaban o 19,88% do conxunto de parados galegos.


Por provincias, o 78,35% dos mozos parados da nosa Comunidade residían en Pontevedra e a Coruña; as provincias restantes acadaban valores absolutos moi inferiores aos das provincias occidentais e ambas as dúas teñen unha cifra moi parecida a redor dos 5.500 parados.




Por outra banda, e atendendo ao peso que supoñían os mozos parados no contexto dos desempregados galegos, vemos como representaron o 19,88% do conxunto de parados galegos.



Polo que se refire á variación dos mozos desempregados entre o 2011 e 2010, produciuse un descenso do -0,28% e aínda que a cifra é máis ben testemuñal ten a súa importancia ao ser unha das poucas excepcións neste sentido. Pero se temos en conta a provincia, a da Coruña foi a que rexistrou o maior descenso dos parados -1,51% seguidos de Ourense co -0,81%. Pola contra, as provincias de Pontevedra e Lugo experimentan un aumento do paro.



Porcentaxe de parados nos menores de 30 anos no ano 2011




	10,43 – 16,77
	16,78 – 19,43
	19,44 – 21,53
	21,54 – 24,91

Demandantes parados menores de 30 anos por nivel formativo

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obligatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	6.279	1.301	4.055	10	4.905	2.903	19.453
Lugo	2.120	313	1.099	1	1.266	833	5.632
Ourense	1.782	494	935	8	1.523	740	5.482
Pontevedra	7.132	1.218	4.284	16	5.912	2.202	20.764
GALICIA	17.313	3.326	10.373	35	13.606	6.678	51.331


No que se refire ao nivel formativo dos mozos parados, podemos dicir que un de cada 2 desempregados tiñan titulación de ensino obrigatorio ou menor. Por outra banda, os titulados universitarios teñen un peso importante nos mozos desempregados, concretamente representaban o 13%. O resto presentan porcentaxes de desemprego dispares así os que tiñan formación profesional supoñían o 20% mentres que os que tiñan Bacharelato superior/COU supoñían so o 6%.

Porcentaxe de parados menores de 30 anos por nivel formativo



En canto á participación dos mozos parados respecto ao conxunto de Galicia, vemos que onde acada a representación máis elevada foi no tramo de formación profesional (28,91%) seguido dos titulados universitarios co 26,42%, no resto das titulacións as porcentaxes de xoves diminúe.


Participación dos parados menores de 30 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Demandantes parados menores de 30 anos por antigüidade na demanda


	<= 1 mes	de 1 a 3 meses	de 3 a 6 meses	de 6 a 12 meses	de 12 a 24 meses	máis de 24 meses	Total
A Coruña	3.183	5.284	4.233	3.212	2.298	1.243	19.453
Lugo	837	1.573	1.313	947	668	294	5.632
Ourense	822	1.557	1.172	963	621	347	5.482
Pontevedra	2.894	5.740	4.728	3.568	2.569	1.265	20.764
GALICIA	7.736	14.154	11.446	8.690	6.156	3.149	51.331

Polo que respecta aos demandantes parados segundo o tempo que levan buscando emprego, vemos que a maioría deles, case o 28% levaba de 1 a 3 meses seguidos dos que levaban de 3 a 6 meses (22%), pola contra, os que menos peso tiñan eran os que levaban na procura dun emprego máis de 24 meses co 6,13%.



Se atendemos á participación dos parados menores de 30 anos por antigüidade na demanda, observamos que onde se producen a maiores porcentaxes foron de 1 a 3 meses co 31,13%; seguido dos de 3 a 6 meses 28,50%. Pola contra onde menos presenza tiveron foi no tramo dos que levaban parados máis de 24 meses (5,35%).

Participación dos parados menores de 30 anos por antigüidade na demanda




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
00	Sen emprego anterior	11.536	22,47
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	4.465	8,70
56	Servizos de comidas e bebidas	4.452	8,67
43	Actividades de construción especializada	4.346	8,47
41	Construción de edificios	2.226	4,34
78	Actividades relacionadas co emprego	2.012	3,92
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.448	2,82
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	1.447	2,82
25	Fabricación de produtos metálicos, salvo maquinaria e equipamento	1.086	2,12
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.070	2,08
96	Outros servizos persoais	962	1,87

Das dez actividades económicas das que proveñen os desempregados xoves, sitúase no primeiro lugar as de comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas co 8,70%, seguido do Servizos de comidas e bebidas co 8,67% e de actividades de construción especializada co 8,47%. As demais actividades atópanse a unha certa distancia. En todo caso, entre as 10 actividades case engloban o 45,81% dos mozos desempregados, agás o colectivo de demandantes de primeiro emprego, o cal destaca porque se sitúa no primeiro posto na listaxe con 11.536 desempregados o que representaban o 22,47% da totalidade.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados menores de 30 anos



As dez ocupacións máis demandadas entre os menores de 30 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	%
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	629	5.154	5.783	11,27
CAMAREIROS, EN XERAL	1.121	1.700	2.821	5,50
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	553	1.793	2.346	4,57
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	1.507	18	1.525	2,97
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	1.076	335	1.411	2,75
CARPINTEIROS, EN XERAL	1.340	24	1.364	2,66
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	1.255	67	1.322	2,58
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR, EN XERAL	160	952	1.112	2,17
REPOÑEDORES DE HIPERMERCADO	577	484	1.061	2,07
INSTALADORES ELECTRICISTAS, EN XERAL	860	6	866	1,69

Das dez ocupacións que máis solicitan os parados xuvenís destaca como a máis demandada a de dependentes de comercio, en xeral co 11,27%, seguida, aínda que a certa distancia da de camareiros, en xeral co 5,50% e da de empregados administrativos, en xeral co 4,57%.

Se analizamos as ocupacións que figuran no cadro anterior, vemos como se trata das mesmas ocupacións que as do ano anterior e co mesmo comportamento, é dicir, supoñen o 38,20% da totalidade de ocupacións solicitadas, trátase de ocupacións de escasa cualificación como a de mozo de carga e descarga ou peóns da industria e segundo que casos son ocupacións con forte presenza feminina como dependentes de comercio ou masculina como carpinteiros.


3.2.5.- Contratación a menores de 30 anos


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	54.574	58.960	113.534
Lugo	13.180	13.300	26.480
Ourense	11.414	11.677	23.091
Pontevedra	52.965	46.682	99.647
GALICIA	132.133	130.619	262.752

O volume da contratación laboral realizada con xoves menores de 30 anos acadou a cifra de 262.752 contratos, dos que un 50% correspondía ao xénero feminino e o outro 50% ao xénero masculino.


Por provincias, A Coruña foi a que rexistrou o número máis elevado da contratación (43,21%), seguida de Pontevedra co 37,92%, de xeito que entre as dúas provincias suman o 81,13% da contratación xuvenil total. O resto do volume da contratación, o 18,87% repartiuse entre Lugo co 10% e Ourense co 8,8%.

No relativo á participación da contratación xuvenil sobre a participación total vemos como aquela supuxo o 39,13% da totalidade.






No tocante á variación interanual, podemos falar dunha diminución da contratación xuvenil no conxunto de Galicia de -5,97%, pero esta diminución non afectou por igual a todas as provincias, de feito, mentres Lugo era a única que rexistraba un leve aumento da contratación (0,89%) as demais experimentaban unha redución, sendo Pontevedra a que tivo o maior descenso -8,16% seguido da Coruña co -6,20%, Ourense foi a que menos redución tivo co -2,32%.



Porcentaxe de contratos nos menores de 30 anos no ano 2011




	22,28 – 29,85
	29,86 – 36,07
	36,08 – 39,89
	39,90 – 46,21

Contratos por tipoloxía entre menores de 30 anos

	Indefinido tempo			Prácticas/Formación		Temporal tempo parcial	Total
	Indefinido	tempo parcial	Outros		Temporal		
A Coruña	5.286	2.818	640	3.020	58.523	43.247	113.534
Lugo	1.889	622	713	716	14.971	7.569	26.480
Ourense	1.320	538	149	791	12.531	7.762	23.091
Pontevedra	4.137	2.044	1.302	2.447	57.733	31.984	99.647
GALICIA	12.632	6.022	2.804	6.974	143.758	90.562	262.752


Tal e como indica a táboa anterior, a gran maioría dos mozos contratados fórono con carácter temporal, xa fose a xornada completa ou a tempo parcial, o que supuxo o 89,18% da totalidade da contratación xuvenil. Pola contra, as porcentaxes da contratación indefinida son moi inferiores, 4,81% na indefinida a xornada completa e 2,29% contratación indefinido con carácter temporal.

Distribución da contratación por tipoloxía entre os mozos menores de 30 anos



Na participación da contratación xuvenil na totalidade da contratación realizada en Galicia, a maior porcentaxe de mozos contratados atópase nos contratos en prácticas/formación (88,28%), o cal ten sentido xa que se trata dunha modalidade contractual especialmente dirixida a poboación xuvenil; en segundo lugar estaría a contratación temporal a tempo parcial cunha participación do 46,75%, seguido do indefinido a tempo parcial co 42,90%, e dicir case un de cada dous contratos a tempo parcial realízase cun mozo menor de 30 anos.

Participación da contratación dos menores de 30 anos por tipoloxía sobre o total de Galicia



Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	132.133	60.040	2,20
Mulleres	130.619	58.701	2,23
Total	262.752	118.741	2,21


O índice de rotación, que non deixou de medrar nos últimos anos, entre a poboación xuvenil menor de 30 anos no ano 2011 foi do 2,21 contratos por persoa, o que nos está a indicar a alta temporalidade na contratación deste colectivo. Por sexo, son as mozas as que saen máis prexudicadas, situándose o índice nun 2,23 mentres que a dos mozos acadou un 2,20.

Contratos por nivel formativo entre os menores de 30 anos

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	17.795	24.077	16.597	42.659	12.406	113.534
Lugo	5.722	3.447	4.084	10.093	3.134	26.480
Ourense	3.258	4.307	2.910	9.687	2.929	23.091
Pontevedra	18.469	14.602	13.325	45.488	7.763	99.647
GALICIA	45.244	46.433	36.916	107.927	26.232	262.752


A análise da táboa anterior coa contratación por nivel formativo, mostra que case un de cada dous contratos realizáronse con xoves con titulación en ensino obrigatorio (41%), seguidos, a bastante distancia, polos que tiñan certificado de escolaridade (17,22%) e BUP/Bacharelato superior/ COU, co 17,67%.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os mozos menores de 30 anos




Se comparamos os datos da participación na contratación dos menores de 30 anos coa totalidade do conxunto de Galicia, observamos que a maior participación dos mozos foi no nivel de BUP/Bacharelato superior/COU, en concreto o 47,84%, seguido moi de cerca polo de Formación profesional co 45,05% e polo de Titulados universitarios co 43,29%, nos dous niveis restantes a participación foi algo menor.

Participación da contratación dos menores de 30 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Mobilidade dos contratados menores de 30 anos en Galicia



En canto á mobilidade dos xoves menores de 30 anos, o gráfico anterior amósanos que o saldo foi negativo, saíron máis traballadores de Galicia dos que entraron e aínda que isto foi así tanto para homes como para mulleres foron estas últimas as que obtiveron as cifras máis desfavorables.

As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos menores de 30 anos

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
78	Actividades relacionadas co emprego	41.317	15,72
56	Servizos de comidas e bebidas	34.175	13,01
47	Comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas	27.748	10,56
43	Actividades de construción especializada	9.773	3,72
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	9.617	3,66
85	Educación	8.365	3,18
82	Actividades administrativas de oficina e outras actividades auxiliares das empresas	8.351	3,18
93	Actividades deportivas, recreativas e de entretemento	7.977	3,04
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	7.479	2,85
55	Servizos de aloxamento	7.322	2,79

Tal e como acontecía en anos anteriores, as dez actividades máis importantes acaparan máis do 61% de toda a contratación rexistrada en Galicia aos menores de 30 anos. Destaca en primeiro lugar as actividades relacionadas co emprego co 15,72% seguidas dos servizos de comidas e bebidas co 13,01% e das de comercio ao retalho, salvo de vehículos de motor e motocicletas, co 10,56%. Por outra banda, cómpre sinalar que se trata das mesmas actividades que as do ano anterior e con porcentaxes moi semellantes.

As dez actividades (CNAE- 2 díxitos) máis importantes na contratación dos menores de 30 anos



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	%
CAMAREIROS ASALARIADOS	16.071	19.378	35.449	13,49
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	4.444	22.291	26.735	10,17
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	11.598	4.490	16.088	6,12
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	11.647	1.079	12.726	4,84
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	1.921	4.740	6.661	2,54
PROMOTORES DE VENDA	962	4.800	5.762	2,19
AZAFATOS DE TERRA	711	4.386	5.097	1,94
MONITORES DE ACTIVIDADES RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	1.744	3.234	4.978	1,89
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS SEN TAREFAS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO	930	2.738	3.668	1,40
NON CLASIFICADOS BAIXO OUTRAS EPÍGRAFES	1.514	1.803	3.317	1,26

O 45,85% dos contratos realizados entre os mozos menores de 30 anos concentrábanse nestes dez grupos primarios, destacando neste sentido o grupo primario camareiros asalariados co 13,49%, seguido dos vendedores en tendas e almacéns co 10,17% e peóns das industrias manufactureiras co 6,12%.

En xeral, trátase de ocupacións que responden a unha baixa cualificación, como por exemplo peóns das industrias manufactureiras, e na maioría dos casos son ocupacións moi masculinizadas, caso dos peóns do transporte de mercadorías e descargadores, ou pola contra, moi feminizadas con vendedores en tendas e almacéns.

Perfil da contratación¹



3.3. MAIORES DE 54 ANOS

■ 3.3.1.- Datos demográficos


	Poboación total	Maiores de 54 anos	Porcentaxe >54 anos	Variación
A Coruña	1.147.124	392.593	34,22	4.383
Lugo	351.530	141.521	40,26	325
Ourense	333.257	139.427	41,84	-143
Pontevedra	963.511	301.855	31,33	4.786
GALICIA	2.795.422	975.396	34,89	9.351
ESPAÑA	47.190.493	13.242.282	28,06	221.510

Segundo os datos do Padrón referidos a 1 de xaneiro de 2011, a poboación galega de máis de 54 anos, ascendía a 975.396 persoas, o que supoñía o 34,89% da poboación total residente en Galicia. Esta porcentaxe é superior á estatal, onde este colectivo representaban o 28,06%.


A nivel provincial, a distribución porcentual non foi a mesma para todas as provincias; Ourense foi a provincia con máis peso porcentual, o 41,84% da poboación tiña máis de 54 anos, seguida de Lugo co 40,26%. As provincias occidentais presentaron porcentaxes inferiores, A Coruña do 34,22% e Pontevedra do 31,33%, ambas as dúas por debaixo da media de Galicia.

Se nos fixamos na columna da variación da poboación da táboa anterior, vemos como se produciu un aumento deste colectivo en 0,97% no conxunto de Galicia, pero a nivel provincial este incremento non foi o mesmo para todas as provincias, deste xeito, mentres en Pontevedra a poboación maior de 54 anos medrou nun 1,61%, Ourense foi a única provincia que rexistrou un descenso (-0,10%).


Porcentaxe de poboación maior de 54 anos



Variación 2011/10 da poboación maior de 54 anos



Porcentaxe dos maiores de 54 anos sobre a poboación



■ 3.3.2.- EPA (Enquisa de poboación activa)

	Taxa de actividade			Taxa de ocupación			Taxa de paro		
	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres	Total	Homes	Mulleres
A Coruña	20,83	24,76	17,79	18,93	22,35	16,24	9,25	9,74	8,40
Lugo	17,92	20,61	15,72	16,98	19,32	14,80	5,67	5,47	5,88
Ourense	16,44	20,94	12,72	13,57	17,19	10,60	17,47	17,91	16,67
Pontevedra	20,38	26,24	15,83	17,66	23,26	13,36	13,19	11,37	15,56
GALICIA	19,60	24,02	16,10	17,42	21,37	14,28	11,06	10,85	11,30

Fonte: Instituto Galego de Estatística. IV trimestre 2011

A taxa de actividade da poboación maior de 54 anos, para o IV trimestre de 2011, foi de 19,60%; e dicir, da poboación maior de 54 anos, esa porcentaxe ou traballaba ou buscaba emprego. Por provincias, as interiores presentaban taxas inferiores á media de Galicia, mentres que as atlánticas a superaban, así Ourense situouse coa taxa máis baixa, 16,44% e A Coruña coa máis alta, 20,83%.

Por sexo, a taxas de actividade masculinas son superiores ás femininas, así para o último trimestre do ano a taxa de actividade dos homes foi do 24,02%, case 8 puntos por riba da feminina. Por provincias, Pontevedra foi a que acadou a taxa de actividade máis alta nos homes (26,24%) e Lugo a máis baixa (20,61%). No caso das mulleres foi A Coruña a que presentou a maior taxa de actividade (17,79%) mentres que Ourense mostrou a máis baixa (12,72%).


A taxa de ocupación en Galicia situouse no 17,42%. Por provincias, destaca A Coruña coa taxa máis alta (18,93%) e Ourense coa máis baixa (13,57%).

Se a análise se fai por sexo, a taxa de ocupación dos homes tamén foi superior á das mulleres, 21,37% e 14,28%, respectivamente; o que situaba aos homes máis de 7 puntos por riba das mulleres. Por provincias, as mulleres tiveron a taxa máis alta na Coruña (16,24%) mentres que en Ourense deuse a máis baixa (10,60%); en canto aos homes, destaca Pontevedra coa máis alta, 23,26% e Ourense coa máis baixa, 17,19%.

A taxa de paro dos maiores de 54 anos foi do 11,06%. Por provincias, Ourense foi a que rexistrou a taxa de paro máis alta, 17,47%, mentres que Lugo contou coa máis baixa, 5,67%; habendo unha diferenza entre elas de 11,8 puntos.

Por sexo, a taxa de paro feminina foi máis alta que a masculina (11,30% e 10,85%, respectivamente), se ben as diferenzas entre ambas é moi pequena, de tan só de 0,45%. Por provincias, tanto no caso dos homes como no das mulleres a que tivo as taxas de paro máis alta foi Ourense, en torno ao 17%, e as máis baixas a de Lugo, a redor do 5,5% ; habendo unha diferenza entre elas de máis de 10 puntos.

Taxa de actividade, paro e ocupación do conxunto da poboación e dos maiores de 54 anos. Galicia IV trimestre




3.3.3.- Afiliacións

	R. Mar	R. Agrario	R. Autónomos	R. Fogar	R. Xeral
A Coruña	1.603	234	23.589	2.666	37.052
Lugo	213	177	10.813	987	10.511
Ourense	4	51	7.437	1.223	10.309
Pontevedra	2.046	176	17.032	1.954	29.788
Non consta	2	0	147	5	5
GALICIA	3.868	638	59.018	6.835	87.665

Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 30 de decembro de 2011


Se analizamos os datos da táboa anterior, vemos como hai un predominio do réxime xeral, concentrando o 55,48% da totalidade de afiliados, seguíndolle o réxime de autónomos co 37,35%; de xeito que estes dous réximes aglutinan o 92,83% da totalidade de afiliados. A importancia do resto dos réximes é moi inferior, sobre todo o réxime agrario o cal ten un peso verdadeiramente residual representando tan só o 0,40%.

Distribución dos afiliados maiores de 54 anos por réxime



Centrándonos no gráfico que mostra a participación dos maiores de 54 anos na totalidade da afiliación, observamos que este colectivo onde máis presenza tivo foi no réxime do fogar co 34,02%, seguido do réxime de autónomos co 27,15%, pola contra, no réxime xeral a representación foi bastante máis reducida, do 12,68%.


Participación dos maiores de 54 anos na afiliación segundo o rexime sobre o total de Galicia




Se analizamos a variación interanual, apreciase como o comportamento non foi homoxéneo dependendo do réxime ou da provincia, así, no que respecta ao conxunto de Galicia os réximes que acadaron un comportamento positivo foron o réxime agrario, fogar e xeral, destacando este último cun aumento do 4,37%, pola contra, o réxime de autónomos acadou uns valores negativos do -1,13%, igual que o do mar co -7,42%.

Por provincias solo nos réximes agrario e o do mar teñen un comportamento diferente, deste xeito, no réxime do mar, mentres a Coruña e Pontevedra perden afiliados -7,45% e -8,50%,

respectivamente; Lugo aumenta un 6,50%. No réxime agrario a única provincia que perde afiliados foi Ourense, -7,42%. No resto de réximes o comportamento das provincias foi o mesmo que o do conxunto da comunidade.



As dez actividades máis destacadas entre os asalariados maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia



Se analizamos as dez actividades máis destacadas entre os asalariados, comprobamos, en primeiro lugar, que a maioría delas son as mesmas que as dos anos precedentes e en proporcións moi semellantes. En segundo lugar, vemos como estas 10 actividades aglutinan o 58,31% da totalidade da afiliación; e destas a que destacou no primeiro posto foi a de administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria co 13,23%, seguido moi de

cerca polas actividades sanitarias co 12,35% e no terceiro posto os servizos a edificios e actividades de xardinaría co 5,19%.

As dez actividades máis destacadas entre os autónomos maiores de 54 anos (CNAE-09 2 díxitos). Galicia

Cnae2009	Descrición	Autónomos	Porcentaxe
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas	15.974	27,07
47	Comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas	9.319	15,79
56	Servizos de comidas e bebidas	5.712	9,68
43	Actividades de construción especializada	3.925	6,65
46	Comercio polo xunto e intermediarios do comercio, agás de vehículos de motor e motocicletas	3.236	5,48
49	Transporte terrestre e por tubaxe	3.000	5,08
41	Construción de edificios	2.401	4,07
45	Venda e reparación de vehículos de motor e motocicletas	1.817	3,08
95	Reparación de ordenadores, efectos persoais e artigos de uso doméstico	1.526	2,59
96	Outros servizos persoais	1.185	2,01

En relación coas dez actividades máis destacadas entre os autónomos maiores de 54 anos, constatamos que a concentración de actividades dos autónomos é aínda maior que no caso dos asalariados xa que neste caso as dez actividades aglutinan o 81,49% dos autónomos. Destas, no primeiro posto aparece a agricultura, gandería, caza e servizos relacionadas con elas co 27,07%, seguido do comercio ao retallo, agás de vehículos de motor e motocicletas co 15,79% e do servizos de comidas e bebidas co 9,68%.


Por outra banda, tal e como ocorría cos asalariados as actividades veñen sendo as mesmas que as dos anos anteriores e en proporcións similares.

■ 3.3.4.- Demandantes parados maiores de 54 anos


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	9.125	9.036	18.161
Lugo	2.573	1.743	4.316
Ourense	3.224	3.173	6.397
Pontevedra	7.680	9.037	16.717
GALICIA	22.602	22.989	45.591

No ano 2009 o número de demandantes desempregados maiores de 54 anos anotados nos Servizos Públicos de Emprego de Galicia era de 45.591 persoas, cifra que se reparte case por

igual entre mulleres e homes. Por provincias, como era previsible, as dúas atlánticas engloban máis das tres cuartas partes da totalidade de demandantes.




No que respecta a participación dos desempregados maiores de 54 anos, esta acadou o 17,65% da totalidade de desempregados da nosa Comunidade.




En canto a variación interanual dos parados deste colectivo, vemos como no conxunto de Galicia houbo un ascenso do 11,40% de demandantes parados. Por provincias, a situación foi

semellante, tamén subiu o paro en todas elas sendo a diferenza unicamente porcentual; deste xeito, a de Pontevedra foi onde máis medrou o paro co 12,92% mentres que na de Ourense o aumento foi algo máis moderada co 8,02%.




Porcentaxe de parados nos maiores de 54 anos en 2011



Demandantes parados maiores de 54 anos por nivel formativo


	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Outras titulacións	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	12.902	1.056	540	6	3.101	556	18.161
Lugo	3.197	265	124		633	97	4.316
Ourense	4.781	431	123	1	935	126	6.397
Pontevedra	11.206	1.212	426	6	3.436	431	16.717
GALICIA	32.086	2.964	1.213	13	8.105	1.210	45.591

Na distribución de demandantes parados por nivel académico, sobresaen, con moito, aqueles que posúan ata certificado de escolaridade co 70,38%; o segundo grupo en importancia, aínda que a bastante distancia, foron os que tiñan titulación con ensino obrigatorio co 17,78%, englobando estas dúas titulacións o 88,16% dos parados maiores de 54 anos. O resto das titulacións repártese entre aqueles que tiñan BUP/Bacharelato superior/COU co 6,50% seguido dos de formación profesional e dos titulados universitarios con porcentaxes practicamente iguais, 2,66 e 2,65, respectivamente.



En canto a participación dos parados maiores de 54 anos por nivel formativo, observamos que as maiores porcentaxes corresponden ao grupo de ata certificado de escolaridade co 30,72%, seguido dos que posúan titulación de BUP/Bacharelato superior/COU co 14,55%; pola contra, o grupo onde menos incidencia tiveron foi no titulados en formación profesional co 3,38% e nos titulados universitarios co 4,79%.

Participación dos parados maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia




Demandantes parados maiores de 54 anos por antigüidade no paro

	<= 1 mes	de 1 a 3 meses	de 3 a 6 meses	de 6 a 12 meses	de 12 a 24 meses	máis de 24 meses	Total
A Coruña	932	1.416	1.455	2.353	3.109	8.896	18.161
Lugo	194	369	439	558	769	1.987	4.316
Ourense	244	466	458	772	1.038	3.419	6.397
Pontevedra	691	1.400	1.329	2.239	3.059	7.999	16.717
GALICIA	2.061	3.651	3.681	5.922	7.975	22.301	45.591


En Galicia, a metade dos parados maiores de 54 anos levaban buscando emprego máis de 24 meses, en concreto, o 48,92%. A continuación atopábanse os que buscaban traballo de 12 a 24 meses co 17,49%, de maneira que un de cada dous parados padece un paro de longa duración. Pola contra, a medida que a antigüidade diminúe a cifra de parados maiores de 54 anos decrece, deste xeito, os que levaban 1 mes ou menos tan só supoñían un 4,52%.

Porcentaxe de parados maiores de 54 anos por antigüidade no paro



En canto ao peso porcentual dos desempregados maiores de 54 anos en relación á totalidade da poboación parada de Galicia, constatamos que a máis antigüidade no paro maior peso porcentual teñen os maiores de 54 anos. Así, no grupo dos que levaban a procura dun emprego máis de 24 anos o colectivo de máis de 54 anos supoñían un 37,92% mentres nos que buscaban un traballo 1 mes ou menos solo supuxeron o 7,45%.

Participación dos parados maiores de 54 anos por antigüidade na demanda sobre o total de Galicia



As dez actividades máis destacadas entre os parados maiores de 54 anos (CNAE-09). Galicia

CNAE	Descrición	Parados	Porcentaxe
00	Sen emprego anterior	4.868	10,68
41	Construción de edificios	4.620	10,13
43	Actividades de construción especializada	4.129	9,06
56	Servizos de comidas e bebidas	3.163	6,94
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	2.746	6,02
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2.477	5,43
74	Outras actividades profesionais, científicas e técnicas	1.582	3,47
10	Industria de alimentación	1.573	3,45
46	Comercio por xunto e intermediarios do comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.461	3,20
14	Confección de roupa de vestir	1.265	2,77
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	1018	2,23

Das dez principais actividades económicas das que proveñen os parados maiores de 54 anos, destaca no primeiro lugar a construción de edificios co 10,13%, en segundo lugar sitúanse as actividades de construción especializada co 9,06% e en terceiro as de servizos de comidas e bebidas co 6,94%. Mención aparte merecen os parados que non traballaran nunca, os cales aparecen no primeiro posto da listaxe con 4.868 persoas, o que supuxeron o 10,68% de todos os desempregados maiores de 54 anos.

Por outra parte, é salientable que o 63,39% dos desempregados se concentren nas actividades que recolle o cadro anterior.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados maiores de 54 anos



As dez ocupacións máis demandadas entre os parados maiores de 54 anos

Ocupacións	Homes	Mulleres	Total	Porcentaxe
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	300	4.610	4.910	10,77
ALBANEIS	3.234	20	3.254	7,14
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	162	1.951	2.113	4,63
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	563	1.392	1.955	4,29
PEÓNS DA CONSTRUCCIÓN DE EDIFICIOS	1.300	12	1.312	2,88
ASISTENTES DOMICILIARIOS	11	1.161	1.172	2,57
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	539	608	1.147	2,52
COCIÑEIROS, EN XERAL	169	888	1.057	2,32
CONDUTORES DE CAMIÓN, EN XERAL	925	7	932	2,04
EMPREGADOS DE FOGAR	3	728	731	1,60

Atendendo ás dez ocupacións máis demandadas polos desempregados maiores de 54 anos, observamos que a maioría dos parados solicitaron a ocupación de persoal de limpeza ou limpador, en xeral co 10,77%, seguido dos albaneis co 7,14% e dependentes de comercio, en xeral co 4,63%. En total as dez ocupacións engloban o 40,76% da totalidade das ocupacións solicitadas.


Dicir, por último, que se trata de exactamente as mesmas ocupacións que as do ano anterior e polo tanto coas mesmas características, baixa cualificación, marcadamente feminizadas, como o caso dos empregados de fogar ou masculinizadas como os albaneis.

■ 3.3.5.- Contratación a maiores de 54 anos


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	6.717	4.948	11.665
Lugo	1.854	1.013	2.867
Ourense	1.562	1.082	2.644
Pontevedra	7.044	4.229	11.273
GALICIA	17.177	11.272	28.449

O número de contratos realizados con persoas maiores de 54 anos no ano 2011 foi de 28.449, dos cales o 40% formalizouse con mulleres e o 60% con homes o que supuxo unha diferenza de 20 puntos a favor dos homes.


Por provincias, unha vez máis, as atlánticas acapararon máis das tres cuartas partes da contratación (80%), distribuíndose o 20% restante entre Lugo e Ourense con cifras de contratacións moi semellantes.




No que atinxe á proporción que supuxo o número de contratos dos maiores de 54 anos respecto á contratación do conxunto da poboación, esta foi do 4,24% do total. Se analizamos a participación por sexo, observamos como o peso das mulleres con máis de 54 anos foi máis reducido, do 3,45%, mentres que a dos homes foi do 4,98%.



Polo que respecta á variación interanual da contratación en Galicia, o saldo foi positivo xa que aumentou nun 3,66%. Por provincias o comportamento non foi homoxéneo, mentres Pontevedra foi a que máis aumentou a contratación un 7,09%, seguido de Lugo co 5,52% e da Coruña co 2,70%; Ourense foi a única que acadou valores negativos, -6,97%.



Porcentaxe de contratos nos maiores de 54 anos en 2011




Contratos por tipoloxía entre maiores de 54 anos

	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/For mación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	719	295	511	22	7.419	2.699	11.665
Lugo	257	58	312	28	1.531	681	2.867
Ourense	190	55	165	33	1.479	722	2.644
Pontevedra	581	219	1.105	6	6.568	2.794	11.273
GALICIA	1.747	627	2.093	89	16.997	6.896	28.449


No referente á contratación por tipoloxía, a contratación temporal foi a que contou cos valores máis altos, concretamente case o 60% de toda a contratación, se a esta lle engadimos a contratación temporal a tempo parcial (24%), comprobamos que a contratación temporal ten un forte predominio. No lado oposto situouse a contratación indefinida a xornada completa que supuxo o 6% da contratación e a indefinida a tempo parcial tan só se situou nun 2%.

Distribución da contratación por tipoloxía entre os maiores de 54 anos



No que respecta á proporción que supuxo os maiores de 54 anos en relación coa totalidade da contratación en Galicia, a gráfica amosa como as diferenzas entre os tipos de contratos máis frecuentes non son moi grandes, de maneira que a participación nos indefinidos, tanto a xornada completa como a tempo parcial, foi do 4,4% ; no temporal de 4,26% e no temporal a tempo parcial do 3,56%.

Participación da contratación dos maiores de 54 anos por tipoloxía



Índice de rotación

	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	17.177	8.948	1,92
Mulleres	11.272	5.563	2,03
Total	28.449	14.511	1,96


En canto ao índice de rotación dos maiores de 54 anos para o ano 2011, a media foi de 1,96 contratos. Por sexo, a incidencia foi maior nas mulleres xa que estas tiveron un índice do 2,03 mentres que a dos homes foi do 1,92. Por outra parte, este índice non deixou de medrar nos últimos anos, de feito, en comparación co ano pasado o aumento foi do 0,04 puntos.

Contratos por nivel formativo entre os maiores de 54 anos

	Ata certificado de escolaridade	BUP / Bacharelato superior / COU	Formación profesional	Titulación ensino obrigatorio	Titulados universitarios	Total
A Coruña	4.030	1.494	571	5.084	486	11.665
Lugo	1.166	252	153	1.164	132	2.867
Ourense	939	308	72	1.237	88	2.644
Pontevedra	3.928	753	446	5.749	397	11.273
GALICIA	10.063	2.807	1.242	13.234	1.103	28.449


A táboa anterior mostra a contratación por nivel formativo dos maiores de 54 anos, a cal reflicte que o grupo máis numeroso foron os que posuían titulación ensino obrigatorio que acapararon o 46,52% da contratación, seguido polos que tiñan ata certificado de escolaridade co 35,37%, de maneira que o 81,89% da contratación que se realizou con este colectivo tiñan unha titulación moi baixa. As porcentaxes restantes repártense do modo seguinte, os bachareis concentraron o 9,87%, seguido dos que posuían formación profesional co 4,37% e por último, situábanse os universitarios co 3,88%.

Distribución da contratación por nivel formativo entre os maiores de 54 anos




No que se refire ao peso deste colectivo no conxunto da contratación, vemos como onde máis presenza tiveron foi na contratación rexistrada cos que posuían ata certificado de escolaridade co 7,58%, a continuación situáronse os titulados en ensino obrigatorio co 4,42%; no oposto, atopábase o grupo dos titulados en formación profesional onde só tiñan un peso do 1,52%.

Participación da contratación dos maiores de 54 anos por nivel formativo sobre o total de Galicia



Mobilidade dos contratados maiores de 54 anos



Se nos centramos na mobilidade dos contratados, observamos que, como ven sucedendo en anos anteriores, o fluxo de traballadores que saen de Galicia cara ao resto das Comunidades Autónomas foi superior aos que entraron, producíndose un saldo negativo. No caso dos homes, a diferenza entre os que entraron e saíron foi de 2,71 puntos, mentres que no das mulleres foi de 0,49.


As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación dos maiores de 54 anos

CNAE	Descrición	Contratos	Porcentaxe
56	Servizos de comidas e bebidas	2.255	7,93
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	2.035	7,15
84	Administración pública e defensa; Seguridade Social obrigatoria	2.034	7,15
90	Actividades de creación, artísticas e espectáculos	2.009	7,06
78	Actividades relacionadas co emprego	1.894	6,66
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	1.697	5,97
41	Construción de edificios	1.662	5,84
43	Actividades de construción especializada	1.464	5,15
55	Servizos de aloxamento	957	3,36
49	Transporte terrestre e por tubaxe	921	3,24

De novo repítense, na súa gran maioría as mesmas actividades que nos anos anteriores, e de novo dáse unha alta concentración da contratación nunhas poucas actividades, así as dez

actividades arriba relacionadas acaparan o 59,50% da totalidade da contratación. Delas sobresaen no primeiro lugar, a de servizos de comidas e bebidas co 7,93%, seguida moi de cerca polas actividades de almacenamento e actividades anexas ao transporte e pola de administración pública e defensa; seguridade social obrigatoria, ambas as dúas cunha porcentaxe do 7,15%.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación dos maiores de 54 anos



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% Total
PERSONAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	193	2.800	2.993	10,52
COMPOSITORES, MÚSICOS E CANTANTES	1.962	99	2.061	7,24
ALBANEIS	1.541	9	1.550	5,45
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	684	726	1.410	4,96
CAMAREIROS ASALARIADOS	818	472	1.290	4,53
COCIÑEIROS ASALARIADOS	254	760	1.014	3,56
OPERADORES DE GUINDASTRES, MONTACARGAS E DE MAQUINARIA SIMILAR DE MOVIMENTO DE MATERIAIS	798	149	947	3,33
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	678	256	934	3,28
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓN	610	5	615	2,16
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	178	405	583	2,05

O grupo primario con maior volume de contratación entre os maiores de 54 anos foi o de persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares co 10,52%, en segundo lugar situábanse os compositores, músicos e cantantes co 7,24% seguidos dos albaneis co 5,45%.

Dado que na súa maioría son os mesmos grupos primarios que os de anos anteriores, as características tamén son as mesmas, e dicir, baixo nivel de cualificación e segundo os casos, predomina a contratación feminina, como o persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares, ou a contratación masculina como no caso dos albaneis ou dos compositores, músicos e cantantes.

Perfil da contratación¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

3.4. TRABALLADORES ESTRANXEIROS


■ 3.4.1.- Datos demográficos

	Poboación total	Estranxeiros	Porcentaxe estranxeiros	Variación
A Coruña	1.147.124	39.302	3,43	313
Lugo	351.530	14.502	4,13	326
Ourense	333.257	16.750	5,03	39
Pontevedra	963.511	39.914	4,14	120
GALICIA	2.795.422	110.468	3,95	798
ESPAÑA	47.190.493	5.751.487	12,19	3.753

Segundo as cifras do Padrón Municipal referidas a 1 de xaneiro de 2011, a poboación estranxeira de Galicia era de 110.468 persoas, o que supoñían o 3,95% da poboación total. En España este colectivo representaba o 12,19% o que nos indica que a proporción de estranxeiros na nosa Comunidade é notablemente inferior a do Estado.


Por provincias, Ourense foi a que rexistrou, en termos relativos, as cifras máis altas, 5,03%, mentres que Pontevedra e Lugo a porcentaxe de estranxeiros foi de 4,14% e 4,13%, respectivamente e a Coruña foi única que tivo uns valores relativos inferiores a media de Galicia co 3,43%.

Cómpre sinalar que o Padrón entende por persoas estranxeiras o número de inscritos que non teñen nacionalidade española, incluíndo tanto as persoas con tarxeta ou autorización de residencia como aquelas que non a teñen.



Se analizamos a variación interanual, é preciso sinalar que os estranxeiros experimentaron un aumento de 798 persoas o que supuxo o 0,73%. Aínda que este crecemento foi inapreciable, non deixa de ter certa importancia na medida en que no conxunto de España este colectivo medrou 0,07% e que en Galicia a poboación total diminuíu nun 0,08%.

Por provincias, Lugo foi a que rexistrou a maior subida de poboación estranxeira, 2,30%, mentres que Ourense foi a que menor incremento tivo, 0,23%.




Os dez países que achegan maior número de poboación estranxeira a Galicia

	Total	Homes	Mulleres	% sobre o total de poboación estranxeira en Galicia
Portugal	22.010	13.960	8.050	19,92
Nacionalidades africanas	12.047	8.038	4.009	10,91
Brasil	10.816	3.336	7.480	9,79
Colombia	8.417	3.159	5.258	7,62
Rumanía	8.183	4.319	3.864	7,41
Marrocos	6.504	3.940	2.564	5,89
Arxentina	4.074	1.825	2.249	3,69
Nacionalidades asiáticas	3.930	2.360	1.570	3,56
Venezuela	3.912	1.433	2.479	3,54
República Dominicana	3.850	1.373	2.477	3,49


En canto á distribución dos estranxeiros residentes en Galicia por nacionalidade, a que figuraba en primeiro lugar foi a portuguesa con 22.010 persoas o que supoñía o 19,92% da totalidade de estranxeiros, en segundo lugar situábanse as nacionalidades africanas con 12.047 persoas (10,91%), seguida moi de cerca polos brasileiros co 9,79%; o resto das nacionalidades que figuran no cadro anterior rexistran porcentaxes inferiores as mencionadas, pero entre todas aglutinan o 75,81% da totalidade de nacionalidades que residen na nosa comunidade.

Por outra banda, segundo a nacionalidade o peso dos homes foi moi superior ao das mulleres como no caso dos portugueses ou das nacionalidades africanas mentres que na nacionalidade brasileira e colombiana hai un predominio das mulleres.

Distribución das nacionalidades



Porcentaxe de poboación estranxeira no ano 2011



■ 3.4.2.- EPA (Enquisa de Poboación Activa)


	Taxa de actividade	Taxa de ocupación	Taxa de paro
Ambos os sexos	74,5	47,16	36,67
Homes	82,4	50,73	38,4
Mulleres	66,9	43,85	34,64

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. IV trimestre 2011

Atendendo aos datos que nos ofrece a EPA referidos ao IV trimestre do 2011, e que figuran na táboa anterior, vemos que a taxa de actividade dos estranxeiros residentes en Galicia situouse no 74,5% para ambos os sexos, cifra moi superior a do total da poboación. Por sexo, a maior taxa de actividade atopámola nos homes co 82,4%, 15,5 puntos por encima da taxa de actividade feminina.

A taxa de ocupación dos estranxeiros foi do 47,16% . Por sexo, tamén hai diferenzas entre a poboación ocupada feminina e masculina, así a taxa de ocupación masculina foi do 50,73% mentres que a feminina foi do 43,85%.

A taxa de paro foi do 36,67%, porcentaxe moi superior á da totalidade da poboación. Por sexo, no caso dos homes a taxa de paro aínda foi máis alta que para a media, concretamente do 38,4%; a das mulleres foi do 34,64%, case catro puntos por debaixo da masculina.



■ 3.4.3.- Afiliacións

	R. Mar	R. Agrario	R. Autónomos	R. Fogar	R. Xeral
A Coruña	402	398	1.681	1.837	7.791
Lugo	461	663	548	406	2.926
Ourense	12	148	681	433	3.034
Pontevedra	463	288	1.936	1.300	8.110
GALICIA	1.339	1.541	5.009	4.008	21.864
Non consta	1	44	163	32	3


Fonte: Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Datos referidos a 30 de decembro de 2011

Polo que se refire ás afiliacións de estranxeiros e en alta laboral, a nota que define este apartado e o predominio de réxime xeral ao que estaban adscritos o 64,76%, seguido de lonxe polo réxime de autónomos que supoñía o 14,84% da totalidade de afiliacións, dito de outro modo, case o 80% dos afiliados estranxeiros estaban incluídos nun destes dous réximes. O 20% restante repártese entre o réxime do fogar cunha representatividade do 11,87%, e por último o réxime do mar e o agrario presentaron valores moi semellantes, arredor do 4%.




En canto á participación dos afiliados estranxeiros na totalidade de afiliados da nosa Comunidade, observamos como presenta a mesma distribución de anos anteriores; onde máis presenza tiveron foi no réxime agrario co 32,75%, seguido do réxime do fogar co 19,95%; no

polo oposto atópanse o réxime xeral e o de autónomos os cales representaron o 3,16% e 2,30%, respectivamente.



No que se refire á variación interanual, vemos como o comportamento da afiliación non foi homoxéneo dependendo do réxime e da provincia, deste xeito, no réxime agrario e no de autónomos produciuse un aumento do 7,39% e 3,56%, respectivamente, mentres que o resto dos réximes experimentaron unha redución; no réxime xeral do -8,13%, no do mar de -7,53% e no de fogar do -4,39%.

Por provincias tamén existen diferenzas, así no réxime do mar A Coruña rexistrou un descenso importante, do -17,45% e Pontevedra do -3,74%. No agrario mentres A Coruña medrou un 17,75% de afiliados, Ourense perdeu un 6,33%. No réxime de autónomos todas as provincias aumentaron, especialmente Lugo cun 10,04%, agás Ourense que diminuíu un 0,44%. E por último, no réxime do xeral e no de fogar diminuíron a afiliación todas as provincias, destacando Ourense que se reduciu arredor do 10% en ambos réximes.




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os asalariados estranxeiros. Galicia

Cnae2009	Descrición	Afiliados	%
56	Servizos de comidas e bebidas	4.928	22,54
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas	1.816	8,31
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1.498	6,85
41	Construción de edificios	1.378	6,30
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	1.186	5,42
43	Actividades de construción especializada	1.185	5,42
10	Industria da alimentación	818	3,74
85	Educación	801	3,66
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	626	2,86
86	Actividades sanitarias	589	2,69

Se analizamos as dez actividades máis importantes entre os asalariados estranxeiros, destaca, con moito a actividade de servizos de comidas e bebidas concentrando o 22,54% da afiliación, síguelle en importancia, aínda que a bastante distancia, a de comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas co 8,31% e transporte terrestre e por tubaxe co 6,85%. Se atendemos ao conxunto das dez actividades vemos que estas comprenden o 67,81% da totalidade dos asalariados estranxeiros.

As dez actividades máis destacadas entre os asalariados estranxeiros (CNAE-09 2 díxitos). Galicia



As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os autónomos estranxeiros. Galicia

Cnae2009	Descrición	total	Porcentaxe
47	Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor a motocicletas	1.276	25,46
56	Servizos de comidas e bebidas	1.081	21,57
46	Comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas	385	7,68
43	Actividades de construción especializada	308	6,15
85	Educación	205	4,09
41	Construción de edificios	199	3,97
10	Industria da alimentación	153	3,05
96	Outros servizos persoais	130	2,59
86	Actividades sanitarias	114	2,27
2	Silvicultura e explotación forestal	96	1,92


As actividades que rexistran maior número de autónomos, tal e como acontecía o ano anterior, foron, en primeiro lugar, as de Comercio ao retalho, agás de vehículos de motor e motocicletas co 25,46%, en segundo lugar e a de servizos de comidas e bebidas co 21,57% e no terceiro, xa a unha distancia considerable a de comercio por xunto, agás vehículos de motor e motocicletas co 7,68%, de maneira que a metade dos autónomos estranxeiros estaban afiliados nunha destas tres actividades.

■ 3.4.4.- Demandantes parados


	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	2.571	2.421	4.992
Lugo	985	973	1.958
Ourense	1.045	977	2.022
Pontevedra	2.886	2.588	5.474
GALICIA	7.487	6.959	14.446

O número de parados estranxeiros rexistrados nas oficinas de emprego de Galicia ao finalizar o mes de decembro de 2011 ascendía a 14.446 persoas, das que 7.487 eran homes (51,83%) fronte a 6.959 mulleres (48,17%).


Por provincias, unha vez máis, Pontevedra (37,89%) e A Coruña (34,56%) englobaron máis do 70% dos parados estranxeiros, repartíndose os desempregados restantes entre Ourense que acapara o 14% e Lugo co 13,55%.




Polo que se refire á participación dos parados estranxeiros sobre a totalidade dos desempregados da nosa comunidade, esta foi do 5,03%. Por sexo, os homes desempregados tiveron maior incidencia que as mulleres, concretamente 0,74 puntos máis.



A variación dos parados estranxeiros respecto ao ano anterior experimentou un incremento para Galicia do 11,23%. Se a análise se fai por provincias, a que rexistra a proporción máis alta foi Lugo cun crecemento do 13,57%, polo contrario, Ourense foi a provincia onde menos medrou o desemprego dos estranxeiros, concretamente o 5,59%.




Porcentaxe de parados nos estranxeiros no ano 2011



Demandantes parados estranxeiros por antigüidade no paro


ANTIGUIDADE	Homes	Mulleres	Total
<= 1 mes	1.082	771	1.853
de 1 a 3 meses	1.706	1.573	3.279
de 3 a 6 meses	1.351	1.276	2.627
de 6 a 12 meses	1.368	1.236	2.604
de 12 a 24 meses	1.168	1.173	2.341
máis de 24 meses	812	930	1.742

A maioría dos demandantes parados, levaban na procura dun emprego de 1 a 3 meses nunha porcentaxe do 22,70% do total, os seguintes tramos con maior número de parados foron os de 3 a 6 meses e de 6 a 12 meses concentrando o 18% dos parados cada un deles; pola contra, os demandantes que levaban máis de 24 meses buscando emprego supuxeron un 12%, a porcentaxe máis pequena de todos os tramos, aínda así, un aspecto a destacar é que a cifra de parados que levaban buscando emprego máis de 24 meses non deixou de medrar nos últimos anos.



En relación ás porcentaxes de parados estranxeiros sobre a totalidade dos parados galegos, cabe dicir que a participación é maior naqueles tramos onde a duración do desemprego é menor; así no tramo onde tardaban en atopar un emprego de 1 a 3 meses a súa participación foi do 7,21%, nos seguintes grupos foi de arredor do 6% ata chegar ao grupo de máis de 24 meses onde a participación foi de 2,96%.

Participación de parados estranxeiros por antigüidade no paro sobre o total de Galicia




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes entre os parados estranxeiros

CNAE	Descrición	Parados	%
00	Sen emprego anterior	3.126	21,64
56	Servizos de comidas e bebidas	2.167	15,00
41	Construción de edificios	1.254	8,68
43	Actividades de construción especializada	1.096	7,59
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	618	4,28
74	Outras actividades profesionais, científicas técnicas	461	3,19
01	Agricultura, gandería, caza e servizos relacionados con elas	369	2,55
78	Actividades relacionadas co emprego	355	2,46
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	328	2,27
46	Comercio por xunto e intermediarios de comercio, salvo de vehículos de motor e motocicletas	319	2,21
55	Servizos de aloxamento	312	2,16

En canto a lista das dez actividades que rexistraron máis desempregados estranxeiros, coincide coas do anos precedentes e con proporcións moi semellantes. Encabeza a listaxe aqueles desempregados que non traballaran con anterioridade cunha porcentaxe do 21,64%, en segundo lugar atopábase a actividade de servizos de comidas e bebidas co 15%, seguido en importancia pola construción de edificios (8,68%) e polas actividades de construción especializada co 7,59%. O resto das actividades rexistraron un número de demandantes inferior, aínda así, as dez actividades onde se anotaron os desempregados, xunto con aqueles que non tiveron un emprego anterior englobaron o 50% da totalidade.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes entre os parados estranxeiros



As dez ocupacións máis demandadas entre os estranxeiros

Ocupación	Homes	Mulleres	Total	%
PERSOAL DE LIMPEZA OU LIMPADOR , EN XERAL	116	1.372	1.488	10,30
CAMAREIROS, EN XERAL	406	957	1.363	9,44
PEÓNS DA CONSTRUCIÓN DE EDIFICIOS	884	6	890	6,16
DEPENDENTES DE COMERCIO, EN XERAL	76	704	780	5,40
ALBANEIS	665	7	672	4,65
COCIÑEIROS, EN XERAL	138	403	541	3,74
PEÓNS DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA, EN XERAL	325	176	501	3,47
EMPREGADOS DE FOGAR	10	410	420	2,91
EMPREGADOS ADMINISTRATIVOS, EN XERAL	62	262	324	2,24
MOZOS DE CARGA E DESCARGA, ALMACÉN E/OU MERCADO DE ABASTOS	258	14	272	1,88

En canto as ocupacións máis demandadas, o primeiro aspecto destacable é que as 9 primeiras son exactamente as mesmas que as do ano anterior, co mesmo orde e con porcentaxes moi parecidas. Así a ocupación que concentra maior porcentaxe de parados foi a de persoal de limpeza ou limpador, en xeral (10,30%), seguida da de camareiros, en xeral co 9,44% e da de peóns da construción de edificios co 6,16%, de maneira que un de cada catro parados estranxeiros solicitaron unha destas tres ocupacións. Por outra banda, tal e como ven sucedendo con outros colectivos, algunhas ocupacións sobresaen pola elevada demanda feminina como persoal de limpeza ou limpador, en xeral ou, polo contrario, pola alta demanda masculina como a de peóns da construción de edificios.

■ 3.4.5.- Contratación de estranxeiros

	Homes	Mulleres	Total
A Coruña	10.584	7.153	17.737
Lugo	4.526	2.472	6.998
Ourense	2.559	1.898	4.457
Pontevedra	11.784	5.853	17.637
GALICIA	29.453	17.376	46.829


O número de contratos con persoas estranxeiras realizados ao longo do 2011 foi de 46.829 contratos; dos cales o 37% foi contratación feminina e o 63% masculina, esta proporción supón que a diferenza entre homes e mulleres foi de 26 puntos a favor dos homes.

Por provincias, tal como sucedía coa contratación en xeral, A Coruña e Pontevedra englobaban as tres cuartas partes da totalidade da contratación, os restantes distribúense entre Lugo co 14,94% e Ourense co 9,52%.




No que respecta a participación da contratación estranxeira en relación a totalidade da contratación en Galicia, foi do 6,97%. Por sexo, existen diferenzas mentres a participación feminina foi do 5,32% a masculina foi de 8,54%.

Participación da contratación a estranxeiros sobre o total de Galicia



En canto a variación interanual, rexistrouse un descenso da contratación do -10,74% para o conxunto de Galicia. Por provincias, todas experimentaron un descenso, pero non na mesma medida; Así A Coruña e Ourense superaron a media de Galicia, -12,25% e -11,51%, respectivamente, mentres que Lugo e Pontevedra a redución foi inferior a media, -10,56% e -9,05%, respectivamente.

Variación 2011/2010 da contratación a estranxeiros



Porcentaxe de contratos a estranxeiros no ano 2011




	1,06 – 4,74
	4,75 – 7,66
	7,67 – 12,66
	12,67 – 19,71

Número de contratos segundo a nacionalidade

	Homes	Mulleres	Total	%
PORTUGAL	6.485	2.113	8.598	18,36
COLOMBIA	1.855	2.328	4.183	8,93
ROMANIA	2.349	1.233	3.582	7,65
BRASIL	1.273	1.984	3.257	6,96
MARROCOS	2.152	552	2.704	5,77
PERÚ	1.791	882	2.673	5,71
DOMINICANA, REPÚBLICA	873	990	1.863	3,98
ARXENTINA	884	743	1.627	3,47
CUBA	960	658	1.618	3,46
URUGUAI	993	577	1.570	3,35
VENEZUELA	649	800	1.449	3,09
SENEGAL	1.258	140	1.398	2,99
ITALIA	762	546	1.308	2,79
CHINA	611	396	1.007	2,15
ECUADOR	621	253	874	1,87

En canto ao número de contratos por nacionalidade, as maiores taxas, con diferenza, correspondeu aos que tiñan nacionalidade portuguesa, co 18,36%; o seguinte país en importancia foi Colombia co 8,93%, seguido por Romanía co 7,65%; de maneira que estas tres nacionalidades acaparon o 34,94% da totalidade da contratación a estranxeiros.

Dependendo da nacionalidade, pode haber maior incidencia na contratación das mulleres, caso de Colombia; ou dos homes, como sucedeu con Portugal.




Contratos a estranxeiros por tipoloxía


	Indefinido	Indefinido tempo parcial	Outros	Prácticas/Formación	Temporal	Temporal tempo parcial	Total
A Coruña	1.509	636	113	149	9.789	5.541	17.737
Lugo	1.335	171	138	53	3.998	1.303	6.998
Ourense	395	161	12	62	2.614	1.213	4.457
Pontevedra	1.600	564	201	107	10.640	4.525	17.637
GALICIA	4.839	1.532	464	371	27.041	12.582	46.829

Tamén na contratación a estranxeiros houbo un predominio da contratación temporal, a cal acaprou o 57,74%, no caso de xornada completa e que sumado o 26,87% que supuxo o temporal a tempo parcial, deron unha proporción do 84,61%; ou dito doutro xeito, 3 de cada 4 contratos realizados con estranxeiros eran temporais. Os indefinidos supuxeron o 13,60%,

porén, aínda que a cifra é baixa, é superior a de outros colectivos. En canto aos contratos de prácticas/formación englobaron tan só o 0,79% da totalidade da contratación o que os reduce case a un papel testemuñal.



Atendendo á participación dos estranxeiros na contratación total de Galicia, observamos como a porcentaxe máis alta se corresponde cos contratos indefinidos, concretamente o 12,22% nos de xornada completa, e 10,91% nos indefinidos a tempo parcial; mentres que o peso porcentual da contratación estranxeira na modalidade temporal foi practicamente a metade que na indefinida, 6,77% no caso da temporal a xornada completa e 6,50% na temporal a tempo parcial.



Índice de rotación


	Contratos	Contratados	Índice de rotación
Homes	29.453	17.083	1,72
Mulleres	17.376	9.852	1,76
Total	46.829	26.935	1,74

O índice de rotación dos estranxeiros no ano 2011 foi de 1,74, e dicir, cada persoa estranxeira contratada tivo unha media de 1,74 contratos, esta cifra sitúase por debaixo de outros colectivos e tamén do conxunto da poboación. Por outra parte, este índice experimentou un descenso de 0,04 respecto ao ano anterior. Por xénero, as mulleres tiveron máis rotación que os homes, 1,76 e 1,72, respectivamente.


Contratación a estranxeiros por sexo e idade

	Homes	Mulleres	Total	% Total
16 a 29	8.898	7.156	16.054	34,28
30 a 44	15.554	8.257	23.811	50,85
45 a 54	4.194	1.682	5.876	12,55
55 e máis	807	281	1.088	2,32
Total	29.453	17.376	46.829	100

En canto á contratación por idade, a metade da contratación realizada con estranxeiros tiñan unha idade comprendida entre 30 e 44 anos, en segundo lugar situábanse aqueles que tiñan entre 16 e 29 anos, concentrando o 24,28%; de maneira que tres de cada catro contratos realizáronse con estranxeiros que tiñan menos de 45 anos. No oposto atópanse os estranxeiros maiores de 54 anos, os cales solo supuxeron un 2,32% da totalidade da contratación.



No que se refire á porcentaxe que supuxo a contratación a estranxeiros no conxunto da poboación, por tramos de idade, é preciso destacar que os que rexistraron maior peso porcentual foron os que posuían unha idade entre 30 e 44 anos, co 9,06%, seguido dos que tiñan entre 16 e 29 anos. No lado contrario, e dicir, os que menos participaron foron os que estaban no tramo de idade de maiores de 54 anos, solo o 0,41%.




As dez actividades (CNAE-09 2 díxitos) máis importantes na contratación estranxeira

CNAE	Descrición	Homes	Mulleres	Total	% Total
56	Servizos de comidas e bebidas	4.161	6.577	10.738	22,93
78	Actividades relacionadas co emprego	2.164	1.179	3.343	7,14
41	Construción de edificios	2.979	65	3.044	6,50
43	Actividades de construción especializada	2.662	84	2.746	5,86
03	Pesca e acuicultura	2.681	25	2.706	5,78
47	Comercio ao retallo, salvo de vehículos de motor e motocicletas	1.069	1.491	2.560	5,47
81	Servizos a edificios e actividades de xardinaría	537	1.008	1.545	3,30
49	Transporte terrestre e por tubaxe	1.440	76	1.516	3,24
55	Servizos de aloxamento	473	997	1.470	3,14
52	Almacenamento e actividades anexas ao transporte	1.303	137	1.440	3,08

Das dez actividades máis contratadas, cómpre sinalar que son exactamente as mesmas que as do ano anterior con valores moi parecidos. Por outra parte, constatamos que o 66,43% da contratación rexistrouse en estas 10 actividades; destacando en primeiro lugar os servizos de comidas e bebidas, que concentraron o 22,93% da contratación, a continuación situáronse as actividades relacionadas co emprego co 7,14% seguidas das de construción de edificios co 6,50%.

As dez actividades (CNAE-2 díxitos) máis importantes na contratación a estranxeiros



As dez ocupacións máis contratadas

Grupo primario	Homes	Mulleres	Total	% Total
CAMAREIROS ASALARIADOS	3.253	4.984	8.237	17,59
PERSOAL DE LIMPEZA DE OFICINAS, HOTEIS E OUTROS ESTABLECEMENTOS SIMILARES	585	2.388	2.973	6,35
PEÓNS DAS INDUSTRIAS MANUFACTUREIRAS	1.967	589	2.556	5,46
PEÓNS DO TRANSPORTE DE MERCADORÍAS E DESCARGADORES	2.010	168	2.178	4,65
VENDEDORES EN TENDAS E ALMACÉNS	675	1.425	2.100	4,48
PESCADORES DE ALTURA	1.880	10	1.890	4,04
COCIÑEIROS ASALARIADOS	774	1.071	1.845	3,94
ALBANEIS	1.585	19	1.604	3,43
CONDUTORES ASALARIADOS DE CAMIÓNS	1.228	42	1.270	2,71
ENCOFRADORES E OPERARIOS DE POSTA EN OBRA DE FORMIGÓN	1.186	6	1.192	2,55

Segundo os datos que se recollen no cadro anterior , un de cada dous contratos realizáronse nun deses dez grupos primarios. A maioría dos contratos rexistráronse no grupo ocupacional de camareiros asalariados, co 17,59%, seguido do persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares co 6,35% e dos peóns das industrias manufactureiras co 5,46%. Por xénero, existen diferenzas, en seis, das dez ocupacións hai un predomino da contratación masculina, ata tal punto que en algunhas a contratación feminina é residual, por exemplo en pescadores de altura, albaneis, encofradores e operarios de posta en obra de formigón, pero tamén existe o caso contrario onde a presenza de mulleres foi moi superior a dos homes, caso do persoal de limpeza de oficinas, hoteis e outros establecementos similares.

Perfil da contratación¹



(1) Para elaborar os informes seguintes, tivéronse en conta, de forma independente, os valores máis repetidos obtidos en cada unha das distintas variables.

3.- CONCLUSIONES

Demografía

O día 1 de xaneiro de 2011 residían en Galicia 2.795.422 persoas, das cales 1.349.591 eran homes e 1.445.831 eran mulleres.

En relación ao conxunto do Estado a poboación galega supoñía o 5,92%.

Respecto ao ano anterior a poboación de Galicia reduciuse en 2.231 persoas, o que supuxo unha diminución do 0,08%.

A poboación estranxeira ascendía a 110.468 persoas, o que representaban o 3,95% da poboación total de Galicia.

En Galicia nacen máis nenos que nenas e o número de homes é superior ao de mulleres ata os 39 anos, pero a partir de aquí as mulleres son máis numerosas aumentando a súa proporción a medida que a idade avanza.

Perfil sociodemográfico

- A **taxa de actividade** (que é o cociente entre o número total de activos e a poboación total) acadou no cuarto trimestre do ano 2011 o 55,33%, case un punto por riba respecto ao ano anterior.

Se incidimos na perspectiva de xénero, os homes presentaron unha taxa de actividade superior a das mulleres, 61,48% fronte ao 49,72%, situándose así en 11,76 puntos por encima das mulleres.

No que respecta ás diferenzas co Estado, a taxa de actividade nacional rexistrouse 4,61 puntos por riba da de Galicia.

- A **taxa de ocupación** (que é o cociente entre o número de ocupados e a poboación de 16 e máis anos) de Galicia cara ao final do ano 2011 foi do 45,21% diminuindo respecto ao mesmo período do ano anterior en 0,68%.

Se se ten en conta a variable sexo, a taxa de ocupación masculina foi do 50,66% e a feminina do 40,23%, sendo a diferenza de 10,43 puntos a favor dos homes.

No Estado, a taxa de ocupación foi superior a de Galicia en algo máis de un punto.

- A **taxa de paro** (que é o cociente entre o número de parados e o número de activos) non deixou de medrar ao longo dos catro trimestres rematando o ano cunha taxa do

18,3% (4,55 puntos por debaixo da estatal), sendo o aumento interanual de 2,4 puntos.

Por sexo, a taxa de paro masculina foi do 17,6% e a feminina do 19,09%, sendo a diferenza de 1,49 puntos a favor dos homes.

Tecido produtivo

- A metade occidental de Galicia, que se corresponde coas provincias de A Coruña e Pontevedra, concentran o 75% do volume total de autónomos, de empresas e tamén de traballadores.
- Atendendo á evolución do tecido produtivo galego, vemos como se produciu unha caída no número de empresas, traballadores e autónomos ao longo de todo o período, sendo o ritmo de descenso superior no último ano.
- A maioría das afiliacións corresponden ao sector servizos o cal, nos últimos anos, experimentou unha perda continua do número de traballadores, empresas e autónomos. Pero foi o sector da construción, cun volume moito máis baixo na afiliación, o máis castigado, en termos relativos, cunha redución continuada nas cifras de autónomos, traballadores e empresas e mostrando maior intensidade no ano 2011. O sector secundario tampouco se libra do saldo negativo ao longo de todo o quinquenio mentres que o primario, coa excepción do ano 2008 onde influíron os cambios comentados na seguridade social, tamén rexistrou unha perda no número de traballadores e de autónomos, mentres que o número de empresas presentou resultados positivos no ano 2008, 2010 e 2011.

Paro rexistrado

- A cifra de parados a 31 de decembro de 2011 rexistradas nas oficinas de emprego do Servizo Público de Emprego de Galicia ascendía a 258.234 persoas.
- paro medrou respecto ao ano anterior en 20.921 persoas o que supuxo un aumento do 8,82%, o que nos indica que o ritmo de crecemento do desemprego aumentou respecto ao ano 2010.
- Despois dos anos 2008 e 2009 onde se concentraron os peores resultados, no 2010 tamén medrou pero de maneira máis moderada para volver a aumentar o ritmo no ano 2011.
- Aínda que no conxunto do paro de Galicia o peso das mulleres é superior ao dos homes en dous puntos, e a pesar de que o desemprego medrou en ambos sexos, o incremento do colectivo masculino ao longo deste período foi bastante superior ao das mulleres, finalizando o quinquenio cunha variación media do 20,79% no caso dos homes e de 8,41% no das mulleres.

- Como xa acontecía en anos anteriores as provincias da Coruña e Pontevedra concentraron máis do 80% da totalidade dos parados galegos.
- En canto á evolución mensual do paro rexistrado, tamén se reproduce o comportamento de anos anteriores; aumento do primeiro trimestre do ano, a partir de aquí de abril a xullo invértese a tendencia coa baixada do desemprego para volver a subir a partir de agosto, o que deixa patente a estacionalidade no emprego.
- No que respecta aos datos do paro rexistrado por idade e sexo, onde o desemprego tivo máis incidencia foi nos mozos con idade comprendida entre 26 e 35 anos.

Por xénero, o desemprego afecta ao mesmo tramo de idade con porcentaxes moi semellantes, arredor do 26%.

Atendendo á evolución anual, nos primeiros anos do quinquenio o paro tivo maior incidencia nos máis novos, se embargo, nos últimos dous anos foron os desempregados de máis idade os que máis medraron.

- Cómpre destacar que máis do 68% dos parados galegos tiñan a titulación máis básica, en cambio aqueles titulados universitarios ou que tiñan bacharelato presentaban unha porcentaxe de desemprego notablemente inferior.

Por sexo, a situación é semellante coa particularidade de que no caso dos titulados universitarios o número de mulleres desempregadas supera en máis do dobre ao dos homes.

- Desde a perspectiva da antigüidade na demanda, constatamos que a maioría dos parados galegos levaban na procura dun emprego máis de 24 meses (22,77%), sendo tamén este colectivo o que sufriu o maior incremento do desemprego nos últimos dous anos.
- Atendendo aos parados rexistrados por sector económico de procedencia, segue a ser o sector servizos o que máis desempregados rexistrou, o 53,57%; ou dito doutro xeito, un de cada dous parados estaba incluído nos servizos, mentres que, pola contra, o sector primario concentraba o 2,80%.

Por sexo, no caso das mulleres existía un protagonismo do sector servizos (67,45%), en cambio nos sectores primario e na construción apenas si tiñan incidencia, 1,65% e 2,93%, respectivamente. No caso dos homes, tamén houbo un predominio do sector servizos (aínda que con cifras máis modestas que no caso das mulleres), concretamente o 38,96%, seguido moi de cerca pola construción co 32,54%.

En canto á evolución anual por sectores, constatamos que o desemprego medrou ao longo dos cinco anos e en todos os sectores, destacando fundamentalmente o sector da construción.

Mención aparte merece o colectivo dos desempregados sen emprego anterior, os cales rexistraron un aumento notorio no 2010, concretamente do 20,65%; para ser o único colectivo que acadou valores negativos no 2011 co -3,14%.

- Se nos referimos aos parados rexistrados por gran grupo de ocupación, foron os “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” os que concentraron a maioría dos parados (22,59%), seguido moi de cerca polo gran grupo de “ocupacións elementais” co 20,96%, de maneira que estes dous grupos case acaparan a metade dos parados galegos.

Por sexo, a maioría das desempregadas galegas rexistráronse no gran grupo de “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” con 47.091 desempregadas mentres que neste mesmo grupo o número de homes desempregados era de 11.240. No caso dos homes o grupo que destacou foi o de “artesáns e traballadores cualificados das industrias manufactureiras e a construción (agás operadores de instalacións e maquinaria)” con 44.246 parados, grupo onde as mulleres rexistraron un volume de paradas de 5875.

- En canto ás ocupacións máis demandadas, obsérvase como a maioría están encadradas no sector servizos, e destas a que encabeza a listaxe foi “dependente de comercio, en xeral” co 8,11%; seguido polo “persoal de limpeza ou limpador, en xeral” co 6,14% e empregados administrativos, en xeral co 5,78%. Segundo os casos, as ocupacións poder ser claramente feminizadas como nas tres primeiras ocupacións ou masculinizadas como nas seguintes ocupacións relacionadas coa construción.

Por outro lado, trátase de ocupacións de baixo nivel de cualificación e todo indica que son ocupacións relacionadas cunha alta taxa de temporalidade e tamén de precariedade.

Contratos

- A cifra total de contratos comunicados as oficinas do Servizo Público de Emprego de Galicia ao longo do ano 2011 ascendeu a 671.449 o que representou o 4,67% do total da contratación do Estado.
- A contratación reduciuse, respecto ao ano anterior en 9.175 contratos, o que supuxo, en termos relativos, unha diminución do -1,35%.
- Como ven sucedendo cada ano co número de empresas, traballadores e empresas e tamén cos datos proporcionados sobre o desemprego, as provincias de A Coruña e Pontevedra concentraron o 81,96% da totalidade dos contratos o que nos confirma as grandes diferenzas que existen entre as provincias atlánticas e as do interior.
- Por sexo, a contratación masculina predomina sobre a feminina; da totalidade dos contratos o 52% foi contratación masculina e o 48% feminina, sendo a diferenza de 4 puntos a favor dos homes. No obstante, na evolución da contratación dos últimos cinco anos, os homes saen máis prexudicados xa que o seu decrecemento na contratación foi superior, agás no ano 2010 onde os homes aumentaron na contratación (1,05%) mentres que as mulleres perderon (-1,85%), pero no 2011 a situación invértese e volve a diminuír a contratación masculina (-2,61%) mentres que a feminina aumenta (0,01%). Como consecuencia, as diferenzas entre ambos sexos tende a descender ao longo do quinquenio.

■ A tendencia mensual da contratación presenta as mesmas características que os anos anteriores; nos primeiros meses do ano a distribución da contratación foi bastante desigual habendo meses onde a contratación aumentou seguidos de outros onde se produciu un descenso, presentando así varios picos; pero nos meses próximos ao período estival o número de contratos incrementouse, para volver a experimentar a caída máis notable do ano no mes de agosto. Cara ao final de ano a contratación tamén presenta un saldo negativo, aínda que con menor intensidade, así pois, da información recollida podemos concluír que a estacionalidade segue sendo a tónica na contratación e no emprego.

■ No que atinxe á contratación por idades, os datos revelan poucas novidades respecto aos anos precedentes, segue a ser o colectivo con idades comprendidas entre 26 e 35 anos os que concentraron a maioría da contratos, o 37,49%; seguidos dos menores de 26 anos co 23,17%; de xeito que un de cada dous contratos realizáronse con xoves menores de 36 anos.

Foron os mozos menores de 26 anos os máis prexudicados, acusando en maior medida o descenso na actividade contraactual, rexistrando nos últimos cinco anos un total de 111.206 contratos menos, o que supuxo unha variación media anual negativa do -12,61%.

■ Polo que se refire á contratación por nivel formativo, os titulados de ensino obrigatorio acaparon o 44,55%, seguidos dos que tiñan ata certificado de escolaridade co 19,77%; de maneira que máis do 64% da contratación realizouse con persoas que tiñan titulación básica.

Por sexo, na contratación realizada con persoas de menor formación predominaban os homes, mentres que en aquela que se esixía unha titulación universitaria o número de mulleres duplicaba ao dos homes.

■ En canto á evolución por nivel formativo o máis destacable foi que durante o ano 2011 o único colectivo que tivo un comportamento positivo foron os titulados en ensino obrigatorio, os cales experimentaron un incremento de 15.041 contratos o que supuxo un 5,30% máis respecto ao ano anterior.

■ O 88,32% da contratación realizada en Galicia foi temporal; sendo o 59,47% a tempo completo e o 28,85% a tempo parcial. Na contratación a tempo completo predomina claramente o colectivo masculino, porén na que se refire a contratación a tempo parcial o número de mulleres supera, con moito o dos homes.

No tocante á evolución da contratación por tipoloxía no período 2007-2011, o máis destacable é que se produciu un descenso da contratación en todas as modalidades (especialmente nos indefinidos a xornada completa), coa excepción da contratación temporal a tempo parcial que se incrementou nos anos 2010 e 2011 nun 5,83% en un 9,10%, respectivamente.

■ En relación ao índice de rotación, os datos reflicten que este índice non deixou de medrar nos últimos anos, principalmente nos últimos dous anos, situándose no 2011 nunha media de 2,22 contratos por traballador. Así se tomamos como referencia o

último quinquenio vemos como o índice de rotación medrou en 0,14 puntos, producíndose así a variación máis alta dos últimos anos.

- No referido ás cifras de persoas que entran e saen de Galicia cara a outras comunidades autónomas, e dicir da mobilidade dos contratados, a situación apenas cambia respecto a anos anteriores; as cifras das persoas que saen son superiores as que entran, ou dito doutro xeito Galicia e unha comunidade que exporta traballadores, sobre todo homes.
- A maioría dos traballadores galegos desenvolven a súa ocupación no sector servizos (actividade que engloba unha innumerable cantidade de diversas actividades, algunhas ben importantes no noso tecido produtivo, que van desde a limpeza, comercio, servizos xurídicos, técnicos de vixilancia, turismo, ata atención ás persoas en situación de dependencia, etc.), concentrando máis do 80% do volume de contratos. Moito menor incidencia teñen o resto das actividades económicas, así séguelle en importancia o sector da industria co 8,65%; colocándose por primeira vez diante da construción (7,35%) en número de contratos; por último o sector primario (agricultura e pesca) e o que achega menor número de contratos, 3,22%.

Por sexo, observamos un protagonismo case exclusivo do sector servizos no caso das mulleres, 91,5%, no oposto atópase a construción onde o colectivo feminino non deixa de ser testemuñal e nos outros dos sectores, a industria e o sector primario a incidencia feminina foi moi inferior a masculina.

No tocante á evolución dos últimos cinco anos da contratación por sectores, a construción foi claramente o máis prexudicado pola perda da contratación, en termos relativos, finalizando o período cunha variación media anual de -16,53%. O resto dos sectores tamén descendieron na contratación, aínda que con porcentaxes máis modestas, coa excepción do sector primario, o cal foi o único que tivo un comportamento positivo cun aumento do 3,44%, e se ben se trata dun aumento moderado, cobra especial importancia por ser o único que medra no 2011.

- No que se refire ao gran grupo de ocupación, observamos como se rexistrou unha maior incidencia da contratación nos grupos que engloban ocupacións cun baixo nivel de cualificación; así o grupo con maior número de contratos foi o dos “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores” co 29,66%, seguido do grupo de “ocupacións elementais” co 24,66%; o que supuxo que un de cada dous contratos estaba comprendido nestes dous grupos. No oposto atopábase o grupo dos “directores e xerentes” que aglutinaron o 0,25% da contratación.

Por sexo, no caso das mulleres, o 41,73%, case a metade, desenvolve a súa actividade no grupo “traballadores dos servizos de restauración, persoais, protección e vendedores”, mentres que os homes onde máis presenza tiveron foi no grupo “ocupacións elementais” (26,15%).

- En relación coas dez ocupacións máis contratadas, cómpre sinalar que case a totalidade coincidían coas do ano anterior e moitas delas están encadradas no sector servizos o que nos está a indicar unha certa estabilización nas ocupacións.

Temos que dicir, tamén, que estes dez grupos concentran o 42,66% da totalidade da contratación.

Por outra banda, son ocupacións que amosan un alta grado de temporalidade, elevada rotación no emprego, e que en moitos casos non requiren coñecementos específicos nin experiencia laboral, ademais son ocupacións moi masculinizadas, caso dos peóns do transporte de mercadorías e descargadores ou feminizadas, como a de camareiros asalariados, segundo o caso, sendo a excepción aqueles grupos ocupacionais onde o número de mulleres e homes contratados foi semellante.

Formación

- Ao longo do 2011, na nosa Comunidade Autónoma impartíronse 1.141 cursos dirixidos a traballadores desempregados.
- En canto á distribución de cursos por familias, esta non foi uniforme, así dentro da formación destaca notablemente a familia de administración e xestión na que se concentrou o 19,28% da totalidade dos cursos impartidos, seguida da de Servizos socioculturais e á comunidade co 17% e da de Informática e comunicacións co 8,41%. É preciso destacar, respecto a esta última familia, que en anos anteriores ocupaba o primeiro e o segundo postos da listaxe pero este ano o número de cursos desta especialidade reduciuse considerablemente. No oposto, houbo outras familias onde o volume de cursos foi residual non chegando a acadar nin sequera o 1% como por exemplo, na familia de marítimo pesqueira ou na de química.
- Os datos sobre os cursos impartidos por provincias, mostran que A Coruña e Pontevedra seguen a concentrar máis do 61% da totalidade. Tamén dependendo da familia, destacan unhas provincias ou outras; así Pontevedra foi a que máis cursos impartiu en Transporte e mantemento de vehículos, A Coruña en Servizos socioculturais e á comunidade, Ourense en Agraria e Lugo en Sanidade. Ademais non todas as familias se imparten nas catro provincias, así por exemplo, non se programou ningún curso de Imaxe e son ni en Lugo ni en Ourense.
- O total de alumnos que participaron nesta formación foi de 18.049 persoas, dos cales o 54,40% eran do sexo feminino e o 45,60% do masculino.
- Dependendo da familia pode haber maior presenza de homes ou de mulleres; así por exemplo, as familias de Electricidade e electrónica, Instalación e mantemento ou na de Fabricación mecánica estaban compostas maioritariamente por homes, superando o 90%, en cambio as familias de Têxtil, confección e pel ou Sanidade, máis do 90% do alumnado eran mulleres.
- Do total de alumnos que cursaron especialidades formativas en Galicia o 69,67% tiñan entre 25 e 45 anos; se a estes lle engadimos o 15% que supuxeron os que tiñan menos

de 25 anos, deducimos que tres de cada catro persoas desempregadas que asistiron a un curso tiñan menos de 46 anos.

galicia

<http://emprego.xunta.es/cualificacions>



XUNTA
DE GALICIA